

MEMORIA DUN CADÁVER: IUGOSLAVIA

Varias memorias conviven nun único espazo post-traumático



GRAO EN HISTORIA

AUTOR: DIEGO CASTRO DÍAZ

TITOR: LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO

HISTORIA CONTEMPORÁNEA

2024/2025

Índice

Introdución.....	3
1. Estado da cuestión.....	5
2. Contextualización do espazo balcánico e do estado da súa lembranza.....	6
2.1 A situación dos Balcáns occidentais: as divisións políticas do ex-estado iugoslavo que chegan aos nosos días	
2.2 As cuestións centrais para a análise da memoria ex-iugoslava e os mitos sobre o conflito dos Balcáns	
3. A perspectiva governamental sobre o proceso de escisión: a conmemoración do pasado.....	14
3.1 Os espazos de memoria, a educación e os días conmemorativos de lembranza nos países da antiga Iugoslavia	
3.2 A parcialidade da memoria occidental en entredito: a suposta “histeria antiserbia”	
3.3 A posibilidade de que exista reconciliación étnica entre estados cun pasado trágico	
4. A memoria social: o trauma e o ex-estado dende os lentes do individuo.....	29
4.1 A memoria do trauma elaborada pola sociedade: lidar con ela a través da expresión artística	
4.2 O recordo do antigo estado: oposición ao paradigma nacionalista dende a nostalxia	
4.3 A fraternidade entre etnias: en torno aos prexuízos e a aceptación dentro das sociedades post-iugoslavas para a creación dunha lembranza colectiva	
Conclusión.....	44
Bibliografía.....	46

Resumo

A cruenta guerra que nos 1990 enmudeceu Europa tivo consecuencias que aínda se perciben no espazo ex-iugoslavo. A memoria que se construíu nestes novos países sobre o conflito e mais o anterior Estado foi nun comezo de tipo nacional e de auto-vitimización, mais progresivamente veremos un camiño cara a reconciliación e xestos de vontade de realizar memoriais conxuntos. Así mesmo, atoparemos no nivel social sectores opostos a este paradigma nacionalista de esquecemento, así como se albisca unha tendencia cara unha maior tolerancia inter-étnica que daría pé ao relato compartido.

Palabras chave: memoria, trauma, vitimización, nostalxia e reconciliación.

Resumen

La brutal guerra de finales de siglo XX aún afecta a la realidad social y política de los estados que de ella nacieron. Tras el conflicto veremos el paradigma nacional como influencia clave en la memoria en tanto que esta se construye en base a esos mitos y bajo la pretensión de victimizarse, mas, progresivamente el diálogo entre estados se impondrá y asistiremos a la emergencia de memoriales compartidos que enseñan el camino hacia la reconciliación. De la misma manera, a pie de calle habría oposición a estas memorias nacionales y al olvido, así como progresivamente apreciaremos una tendencia hacia la tolerancia inter-étnica en aras de construir un relato compartido.

Palabras clave: memoria, trauma, victimización, nostalgia y reconciliación.

Abstract

The brutal war of the 1990's has effects even now in the political and social sphere in the ex-Yugoslav countries. After the conflict, the governments will make an effort of building a national reading of the past, which also involves being victimized, but in the last years we can observe a path for reconciliation through which these states are going. Indeed, this is a tendency followed by the society too, there were opponents to the state's impositions but also we could see a trend in which the inter-ethnic's tolerance is increasing more and more, enabling then the shared speech.

Key words: memory, trauma, victimization, nostalgia and reconciliation.

Introdución

Entraba o século XXI e no corazón de Europa aínda quedaban as cicatrices do que fora un cruento conflito de separación de estados ex-membros dunha federación que agrupara aos eslavos do sur do continente. O lema “fraternidade e unidade” só ficaba na memoria dos que o viviran e o trauma acompañaba a familias que viran perder parte dos seus membros ou fuxían cara o norte na procura dunha mellor vida e deixando atrás o que anteriormente fora o seu fogar. Hoxe todo ese espazo está conformado por unha amalgama de estados que apenas contan con trinta anos de idade mais forman ou procuran formar parte das organizacións supranacionais de referencia.

Tendo en conta este contexto, o que aquí procuraremos facer non é realizar a autopsia deste cadáver chamado Iugoslavia senón procurar entender cal é a situación na que se atopa hoxe a comprensión governamental e social da súa historia e mais dos sucesos que lle deron morte. Entón, traballaremos diferenciando dúas perspectivas, a dos gobernos e a da sociedade. Do mesmo xeito, o espazo que estudamos é a área occidental dos Balcáns mais sempre tendo en conta as influencias internacionais que puideran existir. No respectivo ao cronolóxico, se ben é certo que nos retrotraeremos aos momentos bélicos ou mesmo á Iugoslavia titista, un estudo da memoria como é este débese centrar na evolución da relación co pasado dende o nacemento destes estados ata o día de hoxe.

Fixadas xa as coordenadas espazo-temporais só queda centrar o obxectivo do traballo. Como anticipabamos, non se trata de responder aos porqués da guerra ou de facer unha descrición da mesma, o que aquí procuramos é reflexar o entendemento que existe e existiu da mesma, mais tamén do estado que lle precedeu, tanto na esfera governamental como na da sociedade mesma. Nese desenvolvemento, como veremos, será preciso tratar aspectos políticos e de relacións entre estados mais tamén elementos que conforman o que decotío se define como “arte”.

Así pois, nun primeiro momento, e a modo de contextualizar o campo de traballo, presentaremos unha radiografía da situación historiográfica do tema a tratar. Seguidamente faremos unha breve descrición dos sucesos traumáticos vividos neste espazo e poñerémonos ao día da situación socio-económica da zona, mais tamén

trataremos os mitos que existen entorno ao conflito e incluso en xeral sobre a zona. A partires de aí, establécese unha diferenciación no guión entre aspectos que atañen ao eido gobernamental e os que son máis propios da sociedade.

Nese sentido, no apartado dos gobernos trataremos a construción de memorias nacionais e a evolución das mesmas, destacando ademais as controversias e disputas que poidan existir así como se trata a parcialidade da memoria internacional. Finalizarase esta peregrinaxe polo apartado institucional ca cuestión da posibilidade de establecer lazos de unión e relacións entre os que foran bandos inimigos, a viabilidade de que se produza un diálogo que abra a opción de establecer un relato compartido entre etnias diferentes.

Xa no referido á sociedade, teremos nun primeiro momento o estudo do trauma de guerra en torno a como se trata na arte, pois esta reflexa o sentir da xente, representado nestas producións. Seguidamente, a memoria do ex-estado será posta en cuestión mediante a nostalxia, estudarase os seus ámbitos de establecemento e a súa potencial perigosidade. Finalmente, e como peche, buscarase completar a cuestión da posibilidade de compartir o relato do sucedido levando o tema ao nivel social, procurando estudar as opcións de convivencia e relación entre etnias que recentemente se enfrontaron en guerra.

Débase engadir un matiz, pois aínda que se separen a modo de facilidade expositiva o ámbito gobernamental e mailo social, non cabe a negación da súa dependencia. Como veremos, ambos van da man, existe unha evolución na memoria que se mostra en ámbolos dous mundos, o que reflexa a total relación entre as percepcións da sociedade e o que fan os seus gobernos.

Tamén teremos que aclarar que resultaría imposible tratar a situación en profundidade en todos estes novos estados, de xeito que este traballo se ceñirá ao caso croata e mailo serbio en tanto que son as nacións ou etnias que mellor reflicten a unión e desunión existente. Do mesmo xeito, reflexarase tamén o caso paradigmático de Bosnia e Hercegovina en tanto que é “unha pequena Iugoslavia” que resulta sempre interesante nos estudos de convivencia e memoria.

1. Estado da cuestión

Cabe comezar ca problemática idiomática, pois a falta de coñecemento de linguais locais pode parecer a priori un obstáculo no estudo da memoria existente neste espazo. Porén, e como se aprecia na bibliografía empregada, a maior parte dos autores que tratan o tema son naturais destes estados ex-iugoslavos mais o seu manexo do inglés supón unha facilidade enorme para o achegamento dun foráneo ao estudo destas sociedades. Ademais, diversos autores, entre os que destacan José Ángel Ruiz Jiménez e Francisco Veiga, tratan en castelán con solvencia aspectos relacionados co tema aquí exposto.

Resolto este posible problema, cabe comentar a orixinalidade deste traballo en relación ao campo da memoria nos Balcáns occidentais, pois semella que non houbo precedentes de autores que trataran tanto o eido social como o institucional nunha única produción intelectual. No eido artístico destaca *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, onde se tratan profundamente exemplos de todos os xéneros e resulta clave para estudar este eido. Se cadra o lado contrario sería o das obras de José Ángel Ruiz Jiménez, pois atañen a aspectos gobernamentais profusamente mais sen esquecer o aspecto social da convivencia, claro que, apenas falan de arte. Do mesmo xeito, diversos autores especializan as súas obras nun aspecto concreto, sendo o caso máis paradigmático o eido da nostalxia, onde Mitja Velikonja destacaríaa.

En xeral, e como se pode apreciar na extensa relación bibliográfica, trátase dun campo sobre o que se ten traballado bastante nos últimos anos e as obras escritas en lingua inglesa abundan. Porén, cabería establecer crítica en torno á falta de enquisas solventes, pois cando tratamos de establecer hipóteses sobre o estado da memoria na sociedade é fundamental contar con datos estatísticos fiábeis. En realidade, o que aquí apreciamos son traballos que a pesar de que chegan a ricas conclusións empregan mostras que, ou ben son moi pequenas ou se centran nun sector concreto da sociedade. Ademais, é preciso destacar a pouca presenza de autores en lingua castelá ou galega no campo da memoria para o espazo ex-iugoslavo, pois o caso de Ruiz Jiménez resulta paradigmático.

2. Contextualización do espazo balcánico e do estado da súa lembranza

A modo de entrada en contacto ca materia que aquí imos tratar, cabe comezar entendendo non só a realidade actual do espazo político que ocupa o que antano era Iugoslavia, senón que tamén é preciso adentrarse nas dificultades que incumbe a memoria do trauma que supuxo a guerra dos 1990. Así, estudaremos a orixe e características dos actuais estados no espazo post-iugoslavo e os mitos que aínda perviven na súa memoria.

2.1 A situación dos Balcáns occidentais: as divisións políticas do ex-estado iugoslavo que chegan aos nosos días

O conflito en Iugoslavia sería un enfrontamento entre as repúblicas que formaban devandito estado socialista dende a fin da Segunda Guerra Mundial. Coa morte do líder partisano Josip Broz (“Tito”) en 1980, a estrutura creada por el comezará a desmoronarse, dándose unha especie de “efecto dominó” de declaracións de independencias que, tras unha brutal guerra, traerán unha atomización do espazo dos Balcáns occidentais.

Como apunta Francisco Veiga, cabe retrotraerse aos inicios da década dos setenta e finais da anterior, momento no que, aínda que non se cuestiona a integridade territorial iugoslava, temos a chamada “Primavera Croata” (en alusión á súa homóloga checa)¹. Consistirá nunha reclamación ao réxime de maior atención ás peculiaridades nacionais, un aperturismo democrático e un aumento das liberdades². No en tanto, o certo é que esta oposición se irá facendo máis forte na década de 1980, pois a mencionada morte da cabeza do Estado e a situación de incapacidade política levarán a un auxe de líderes nacionalistas como Milošević³. Ca caída dos principais réximes do espazo oriental do “Telón de Aceiro”, a opción dunha transición cara a socialdemocracia semellaba popular, mais os resultados das eleccións nas repúblicas iugoslavas daban o poder aos nacionalistas en 1990 e deixaban como única opción a escisión⁴.

¹ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, pp. 280-281.

² Ruiz Jiménez, José Ángel, “Las sombras de la barbarie. Confrontación de memoria colectiva en los países ex yugoslavos”, *Balkania*, 2012, p. 140.

³ Taibo, Carlos, *La desintegración de Yugoslavia*, Los libros de la Catarata, Madrid, 2023, pp. 35-36.

⁴ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, pp. 330-338.

Trala proclamación de independencia serbia e eslovena o 25 de xuño de 1991, teremos unha “miniguerra” en Eslovenia e a contenda en Croacia, sendo que ambos se querían constituír como estados-nación independentes. Fronte a eles, Milošević cría na consecución dunha “Gran Serbia” que albergara ós serbios de Krajina e Eslavonia e mailos albaneses de Kosovo ou os húngaros de Vojvodina⁵. Será clave o recoñecemento por parte da Comunidade Europea a Croacia e Eslovenia como países independentes o 15 de xaneiro de 1992, a partires de ahí a violencia diminuírá, aínda que para 1995 teñamos ese éxodo masivo de serbios de Krajina que se ten calificado de “limpeza étnica”⁶.

Caso aparte é Bosnia-Hercegovina, o seu carácter multiétnico dificulta unha solución de independencia similar aos exemplos anteriores, no censo de 1991 temos un 44% de musulmáns, os serbios representaban un 31,4% e os croatas eran un 17,3%⁷. Ademais, xa terían declarado os serbobosnios a súa vontade de permanecer en Iugoslavia, ou os croatas de Hercegovina de unirse á súa nai patria, unha forza nacionalista que se mostraría logo nas eleccións⁸. Para a comunidade internacional recoñecer tal estado federal e multiétnico supoñía “la demostración viva de que la vieja Yugoslavia destruída en verano de 1991 quizá pudo haber sobrevivido”⁹. Mais isto acabará sucedendo o 6 de abril de 1992, pois reaccionan ás declaracións de independencia de croatas e serbios, así como á masacre en Bjelina¹⁰. Comeza o delirio bélico caracterizado pola “limpeza étnica”, do que destacamos Srebrenica (8000 mozos musulmáns foron asasinados e 40000 anciáns, mulleres e nenos serían desprazados)¹¹. Tralo Tratado de Dayton (decembro de 1995) finalizou o conflito e constatouse a opción federal como solución en Bosnia-Hercegovina.

⁵ Veiga, *La Trampa Balcánica*, p. 367.

⁶ Ruíz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, pp. 236-241.

⁷ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, p. 379.

⁸ Ruíz Jiménez, José Ángel, *La condena a Ratko Mladić y la interminable pacificación de los Balcanes*. Centre Delàs de estudis per la pau, Barcelona, 2021, <<https://centredelas.org/actualitat/la-condena-a-ratko-mladic-y-la-interminable-pacificacion-de-los-balcanes/?lang=es>>, [consulta 10 de diciembre de 2024]; Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, p. 386.

⁹ Veiga, *La Trampa Balcánica*, p. 392.

¹⁰ Ruíz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, pp. 149-150.

¹¹ Ruíz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, p. 241.

Cos acordos de 1995 Kosovo ficaba aínda baixo soberanía serbia, malia existires alí unha maioría albana. Pese ás reticencias da comunidade internacional a intervir apoiando unha secesión (supoñía unha incongruencia máis tras teres aceptado a vía federal no caso bosníaco) finalmente, e trala matanza de Račak, a OTAN comezará os bombardeos a territorio iugoslavo¹². O vinte de xuño de 1999 rematarán os ataques, deixando unha Serbia illada política e economicamente e un Kosovo baixo protectorado internacional¹³. Coa separación de Montenegro de Serbia no 2006 e dous anos máis tarde a independencia de Kosovo, queda un mosaico de microestados no espazo dos Balcáns occidentais¹⁴.

Como afirma José Ángel Ruiz Jiménez, o que era un estado razoablemente próspero deviu nunha descomposición de tódolas ordes da vida¹⁵. A guerra deixou unha situación depresiva, xa non só no económico senón que tamén teremos unha crise de valores. O socialismo decadente deu paso a uns nacionalismos que xa foron perdendo forza ante a actuación dos representantes dos mesmos nos diferentes Estados. Teremos unha hiperinflación, agroman as estafas e máis é o momento do auxe das mafias¹⁶. Trala euforia nacionalista e patriótica así como a ilusión de alcanzar a formar parte da OTAN ou da UE, estes países (agás Eslovenia) acabaron por sumirse na depresión.

O caso serbio é o máis pronunciado, tras verse impotente ante as independencias de Montenegro e Kosovo queda un país “empequeñecido, empobrecido, estigmatizado, envejecido y pesimista”¹⁷. Entre os serbios mingua o entusiasmo por pertenceres a organizacións internacionais, pois tiñan medo de perder a identidade e de esquecer que foran bombardeados pola OTAN, ademais de que significaría colaborar co TPIY, tribunal que consideraban imparcial por condenar sobre todo aos da súa etnia¹⁸. Algo similar

¹² Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, pp. 548-553.

¹³ Veiga, *La Trampa Balcánica*, p. 591.

¹⁴ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 312.

¹⁵ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, pp. 317-318.

¹⁶ Flores, Gabriel, “La desigual marcha de las economías posyugoslavas. Causas y posible evolución” en Ruiz Jiménez, José Ángel, *Balcanes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, p. 139; Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 318.

¹⁷ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, p. 365.

¹⁸ *Ibid*, p. 369.

ocorreu en Croacia, onde a ineficiencia e corrupción do HDZ á fronte do goberno fixo perderes forza á opción nacionalista, ademais, e aínda que se unen á UE en 2013, a colaboración co TPIY era impopular (consideraban que estaban a xulgar heroes)¹⁹.

Xa no caso bosníaco, temos un estado creado dende o exterior baixo a premisa da coexistencia pacífica das tres etnias en torno a unha división particular do territorio e das institucións. Dividiríase en dúas federacións de extensión territorial similar (a República Srpska e a Federación Croato-Musulmana), dez cantóns, un distrito especial (Brčko), trinta gobernos e cento oitenta ministerios de diferentes niveis. Converteríase nun país ingobernable, onde o 66% do presuposto anual vai destinado ao propio mantemento do aparato do Estado e a gobernabilidade realmente ven garantida por institucións foráneas²⁰. Ademais, a forza política maioritaria dentro de cada etnia sería nacionalista e con aspiracións ben diferentes: os musulmáns procurarán construír un estado unificado onde sexan maioría, os serbios ameazan co referendo de independencia e os croatas queren ter unha rexión automática propia²¹. A pesar de manifestacións de posible unión entre etnias, como a chamada “Primavera Bosníaca” (disturbios nos que a poboación participaba unida), dende Dayton quedaron condenados a vivir de costas uns con outros²².

Como podemos observar, a complexidade da situación dos Balcáns é enorme, pois as solucións de tipo estado-nación foron aplicadas de xeito máis ou menos errático para a meirande parte dos países que foron nacendo na área, mais non así co complexo caso bosníaco²³. Ademais, e xa introducindo o que logo trataremos, cabe concluír que o único punto de contacto entre estes dous modelos de “peacebuilding” semella ficar na premisa da imposibilidade de convivencia étnica.

¹⁹ Gagnon Jr, Valère Philip, *The Myth of Ethnic War, Serbia and Croatia in the 1990s*, Cornell University Press, Nueva York, 2004, pp. 183-187; Taibo, Carlos, “Las repúblicas ex yugoslavas en el inicio del siglo XXI” en Ruiz Jiménez, José Ángel, *Balcánes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, p. 55.

²⁰ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, pp. 345-346.

²¹ Pickering, Paula May, *Peacebuilding in the balkans: the view from the ground floor*. Cornell University Press, Nueva York, 2007, pp. 40-42.

²² Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, pp. 360-364.

²³ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, pp. 11-12.

2.2 As cuestións centrais para a análise da memoria ex-iugoslava e os mitos sobre o conflito dos Balcáns

Antes de adentrarse nun estudo sobre a memoria nunha rexión e dun suceso, é preciso esclarecer os feitos e estudar como estes se entenden. Os mitos tenden a reproducirse e pervivir, mesmo moitos deles son anteriores ao propio conflito ou mesmo Estado²⁴. Neste senso, semella que existe unha certa imaxe estereotipada desta rexión de Europa como especialmente violenta e escura. Farían mella neste tópico os acontecementos de inicios de século XX, pois tanto as guerras dadas neste espazo como o asasinato do arquiduque Francisco Fernando dan unha certa idea de brutalidade que en realidade resulta doada de desbaratar²⁵. É unha visión que se tende a representar co termo inglés *balkanism*, unha imaxe distorsionada das persoas do sudeste europeo como barbáricos, onde mesmo o xenocidio semella ser un suceso inevitable e parte da cultura local²⁶.

A esta idea por un lado rebátea o feito de que poden existir escisións sen guerras (como Montenegro en 2006) e, polo outro que, en realidade, as batallas máis cruentas deste século XX se desenvolveron principalmente na Europa Occidental²⁷. Xa no referido aos campos de concentración e desprazamentos, ademais do manido caso nazi, temos aos israelitas cos palestinos, os británicos en Malasia ou os estadounidenses en Vietnam, e as limpezas étnicas existiron xa cos Reis Católicos para o caso castelán e aragonés²⁸. En relación con isto, a brutalidade que se nos presenta nos medios moitas veces oculta unha humanidade que existiu durante a guerra. É algo que vemos na obra de Svetlana Broz, pois dentro deste embrutalecemento bélico hai quen non nega as súas condicións de humano e axuda ao próximo²⁹.

Neste conxunto de mitos que semellan explicar a orixe das guerras, cabe destacar dous que, en realidade, fican unidos: un nacionalismo exacerbado “á balcánica” e uns odios

²⁴ Veiga, La Trampa Balcánica, p. 22.

²⁵ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Balcánes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, pp. 18-19.

²⁶ Sells, Michael Anthony, *The Bridge Betrayed: Religion and genocide in Bosnia*, University of California Press, Berkeley, 1996, p. 125.

²⁷ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Balcánes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, pp. 26-27.

²⁸ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, pp. 623-625.

²⁹ Broz, Svetlana, *Buena gente en tiempos del mal*, Kailas no Ficción, Madrid, 2006.

ancestrais que nos levan á guerra. Tense tratado a estes pobos como especialmente nacionalistas, esquecendo así que no resto de Europa as guerras e os nacionalismos existiron e seguen a existir, pois o carácter expansionista do mesmo é inalienable³⁰. En realidade estes ultranacionalismos non teñen o peso que se lles acostuma dar, pois de seres así en ningún momento sería prioridade para todos estes países integrarse en organizacións supraestatais tras acadares a ansiada independencia³¹. Ademais, temos que ter en conta que os nacionalismos para os anos 1980 non semellan ser o xerme que desencadearía unha descomposición de Iugoslavia, poderíanse ver en forma de orgullos locais esporádicos ou nalgúns rexeitamentos de elementos concretos doutras etnias, mais “los pretendidos odios ancestrales estaban muy olvidados sólo diez años antes”³².

Semella entón que estes nacionalismos se desenvolven tardiamente, Ruiz Jiménez apunta a que nacerían a partir duns líderes concretos (Tuđman en Croacia e Milošević en Serbia), que coa descentralización dos anos oitenta irán progresivamente tomando conciencia dos beneficios que suporía para eles a escisión³³. A partir dese momento iranse activando unha serie de mecanismos polos cales “se pasan por alto unos eventos históricos, otros se escogen, se interpretan o retuercen al gusto, se repiten una y otra vez e identifican a la nación propia como víctima y a un enemigo como responsable de un injusto sometimiento”³⁴. Xa logo chega o momento dos medios de comunicación, exaltando mediante ese modo a idea independentista e, á vez, dinamitando a convivencia³⁵. Así, “los problemas de una década se amplifican al percibirlos por una lente de aumento imaginaria de seis siglos de Historia imaginada” e a etnicidade emerxe como eixo elemental da ideoloxía nacionalista que dominaría as seguintes décadas³⁶.

³⁰ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, pp. 693-70.

³¹ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Balcanes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, pp. 29-31.

³² Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, p. 280.

³³ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 385.

³⁴ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, p. 385.

³⁵ *Ibid*, p.385.

³⁶ Alonso Zarza, Martín, “La construcción social del resentimiento. De los Balcanes a los Alpes”, *Conciencia social*, 2000, p. 50; Pickering, Paula May, *Peacebuilding in the balkans: the view from the ground floor*. Cornell University Press, Nueva York, 2007, p. 50.

O termo “primordialización” entra aquí en xogo, pois refírese ao proceso interactivo polo cal se reformula a identidade etnonacional a partires da memoria e do mito, empregando a lenda para autoidentificarse estas nacións cunha suposta época dourada e baixo o pretexto de recuperar devanditas fronteiras³⁷. Existe unha certa crenza de “pobo elexido” a recrear o seu pasado glorioso polo cal calquera derramamento de sangue fica xustificado³⁸. É o que Gal Kirn chama de “acumulación de memoria”, emulando o termo marxista de “acumulación de capital” fala de que o mnemotécnico crea identidade³⁹. En relación a isto temos a identificación co medieval, pois unha das grandes razóns polas que Serbia reivindica a territorialidade de Kosovo é por ser un *lieu de mémoire* a batalla alí perdida en 1389 e pola que se converteron en vasallos dos otomanos, mais tamén os bosnio-musulmáns se tenden a identificar ca herexía bogomila baixomedieval⁴⁰.

Sen irnos tan lonxe, a memoria da Segunda Guerra Mundial está moi presente, o papel da *ustasha* será empregado nos 1990 polos serbios para demonizar aos croatas propagandisticamente, a victimización que mostraron co caso kosovar agora tería a súa segunda estadía representada no xenocidio de Jasenovac⁴¹. Porén, os croatas tenden a minorizar a importancia da *ustasha*, e, da man cos bosnio-musulmáns, senten que non se lembra do xeito que é debido ás súas vítimas que sufriron da vinganza tralo final do conflito mundial, como en Bleiburg⁴². Toda esta labor de construción de mitos e victimización, segundo apunta MacDonald, provén do feito de que os nacionalistas que queren crear un estado propio ven o caso de Israel como exitoso ao entenderen que os xudeus conseguiron un estado de seu mediante a victimización e os mitos bíblicos⁴³.

³⁷ Majstorovic, Steven, “Ancient Hatreds or Elite Manipulation? Memory and politics in the former Yugoslavia”. *World Affairs*, Vol. 159, 1997, p. 171.

³⁸ Alonso Zarza, Martín, “La construcción social del resentimiento. De los Balcanes a los Alpes”, *Conciencia social*, 2000, pp. 50-51.

³⁹ Kirn, Gal, “‘The primitive accumulation of capital and memory’: Mnemonic wars as national reconciliation discourse in (post-)Yugoslavia”, *Memory Studies*, Vol. 15, 2022, p. 1474.

⁴⁰ Baró i Queralt, Xavier, “Europa desde la frontera: el final del Socialismo en los Balcanes (1980-1990)”. *Cuadernos Europeos de Deusto*, Vol. 1, 2019, p. 98; Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, p. 382.

⁴¹ Hoepken, Wolfgang, “War, Memory, and Education in a Fragmented Society: the Case of Yugoslavia”, *East European Politics and Societies*, Vol. 13, 1999, p. 209.

⁴² Majstorovic, Steven, “Ancient Hatreds or Elite Manipulation? Memory and politics in the former Yugoslavia”. *World Affairs*, Vol. 159, 1997, p. 178.

⁴³ MacDonald, David Bruce, *Balkan Holocausts? Serbian and Croatian victim centred propaganda and the war in Yugoslavia*, Manchester University Press, Manchester, 2002, p. 59.

Unha vez entendido o mecanismo de creación de mitos en torno a uns supostos agravios ancestrais, cabe matizar a súa importancia. En realidade, o odio non moveu ás masas á guerra en Iugoslavia, as causas desta foron máis fondas⁴⁴. Ademais, o odio en si mesmo non existiu na magnitude plantexada, houbo casos de axuda interétnica que de existires tal odio de base e ancestral sería imposible de darse. Só cabe retomar o xa citado *Buena gente en tiempos del mal* e lembrar tamén que non todos os lugares etnicamente heteroxéneos foron violentos (non o foron Vojvodina ou Macedonia)⁴⁵.

A explicación superficial que tan só se refire a estes odios ancestrais nega e agocha explicacións máis profundas⁴⁶. Francisco Veiga trata de establecer as causas recorrentes que dan lugar a estas crises nos Balcáns, e así destaca tres: a dificultade de construír estados-nación nun espazo multiétnico (acabando iso sempre con limpeza étnicas), a tendencia a países onde o Estado é omnipresente (o que supón a pulsión á secesión no gobernante en aras de acumular poder) e a recorrente presenza de potencias exteriores ante a crise (caen na “trampa balcánica” e acaban por poñer parches a unha situación que nunca fica completamente resolta)⁴⁷.

Como vemos, existe un relato que parte dunha violencia intrínseca da rexión, a cal se vería acrecentada por uns nacionalismos exacerbados e uns odios ante os agravios constantes entre etnias que farían imposible a convivencia. Porén, demostrouse que é unha visión desbotable por esconder os verdadeiros motivos da fractura iugoslava. Semella que no mundo académico as teses que defenden estas ideas da existencia duns odios ancestrais están completamente desbotadas, mais nos medios de comunicación e no espazo público afastado do mundo académico, a idea botou raíces. Por exemplo, o termo “balcanización” é definido na RAE como “desmembración de un país en comunidades o territorios enfrentados”, obviando que iso sucedeu en máis recunchos do planeta⁴⁸.

⁴⁴ Gagnon Jr, Valère Philip, *The Myth of Ethnic War, Serbia and Croatia in the 1990s*, Cornell University Press, Nueva York, 2004, pp. 178-179.

⁴⁵ Broz, Svetlana, *Buena gente en tiempos del mal*, Kailas no Ficción, Madrid, 2006; Gagnon Jr, Valère Philip, *The Myth of Ethnic War, Serbia and Croatia in the 1990s*, Cornell University Press, Nueva York, 2004, p. 6.

⁴⁶ Gagnon Jr, Valère Philip, *The Myth of Ethnic War, Serbia and Croatia in the 1990s*, p. 5.

⁴⁷ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, pp. 630-640.

⁴⁸ Baró i Queralt, Xavier, “Europa desde la frontera: el final del Socialismo en los Balcanes (1980-1990)”. *Cuadernos Europeos de Deusto*, Vol. 1, 2019, p. 108.

3. A perspectiva governamental sobre o proceso de escisión: a conmemoración do pasado

Unha vez xa vimos como as elites nacionalistas na década dos 1990 empregaron a memoria para xustificar a vinganza, cabe estudar como os gobernantes destes novos estados trataron e tratan a memoria. Nesa procura atenderemos criterios como son a axenda conmemorativa, a educación ou os espazos de memoria. De modo que, e tras teres tratada a situación en torno á memoria no espazo ex-iugoslavo, pasaremos a estudar a memoria da comunidade internacional en torno ao conflito e ao estado iugoslavo. Xa a modo de peche do capítulo estudaremos a posibilidade de reconciliar as memorias.

3.1 Os espazos de memoria, a educación e os días conmemorativos de lembranza nos países da antiga Iugoslavia

Tralo conflito, os estados involucrados, a través dos partidos nacionalistas, foron creando narrativas propias sobre a guerra. Tanto o HDZ (Croacia) como o SPS (Serbia) establecerán dúas narrativas, unha para o exterior (a dos odios ancestrais que os leva á guerra) e outra para o interior (a da dicotomía entre os bos e os malos onde mulleres e cativos eran presa do inimigo étnico), negando en todo momento acusacións de crimes de guerra⁴⁹. Á vez, esta visión exclúe a crítica, quen cuestionara estes relatos sería demonizado e tratado como si estivera no bando inimigo, como vemos no caso de Natasha Kandic, representante das vítimas de Milošević en Serbia que sería descrita na parlamento como tola, mentireira ou toxicómana⁵⁰. Só as vítimas da mesma etnia son recoñecidas, mesmo non hai espazo para recoñecer a aqueles que arriscaron a súa vida para salvar a un membro doutra etnia⁵¹.

Establécese entón un relato que nega a posibilidade de convivencia e irmanamento iugoslavos, quere esquecer o pasado común (unha Iugoslavia que entenden artificial)

⁴⁹ Gagnon Jr, Valère Philip, *The Myth of Ethnic War, Serbia and Croatia in the 1990s*, Cornell University Press, Nueva York, 2004, p. 179.

⁵⁰ Ruiz Jiménez, José Ángel e Esparza Calderón, Marcia “Justicia y memoria en la posguerra balcánica” en Ruiz Jiménez, Jose Ángel, *Balcanes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010., pp. 177-178.

⁵¹ Broz, Svetlana, *Buena gente en tiempos del mal*, Kailas no Ficción, Madrid, 2006, pp. 13-14.

negándolle a este o carácter revolucionario e transnacional⁵². Como demostra Horacio Espinosa, iso apréciase na negativa das institucións serbias a restaurar os edificios emblemáticos esnaquizados polos bombardeos do 1999 por entenderes que representan ese pasado, eses escombros simbolizan o ataque da OTAN á vez que a posibilidade de convivencia interétnica do pasado iugoslavo⁵³. Mais tamén en Croacia procuran rachar co réxime anterior, vémolos na toponimia, as rúas e prazas do país mudarán de nome. O caso máis representativo é o da “Praza de vítimas do fascismo” (*Trg Žrtava fašizma*), que muda o seu nome a “Praza dos grandes croatas” (*Trg hrvatskih Velikana*)⁵⁴. Ao mesmo tempo, en torno a tres mil e seis mil estatuas, placas e monumentos antifascistas da Segunda Guerra Mundial foron demolidos, eliminados e danados⁵⁵. Quérese crear un estado cunha nova identidade onde os habitantes teñen que ser croatas e católicos, e iso debe ficar representado na paisaxe da nova nación que está a nacer⁵⁶.

Polo tanto, existe un interese dende os gobernos de establecer un relato concreto de memoria sobre o pasado. Así, e en base ás conmemoracións que realizan, poderemos ver unha evocación a emocións en torno a narrativas de tipo heroico que reivindican certos valores na procura de definir a identidade nacional⁵⁷. Deste xeito empregan a memoria da Segunda Guerra Mundial, alónxanse do paradigma titista e cada un se centra nas súas vítimas, retrotraense aos anos corenta para silenciar o sucedido nos noventa⁵⁸.

É o caso de Serbia, onde os anos 1941-1945 son traídos á palestra para vitimizarse ao empregar a lectura partisana mais eliminar ás outras etnias da mesma, entenden que os

⁵² Kirn, Gal, “Transnationalism in Reverse: From Yugoslav to Post-Yugoslav Memorial Sites” en De Cesari, Chiara e Rigney, Ann, *Transnational memory*, De Gruyter, Berlin, 2014, p. 328.

⁵³ Espinosa, Horacio, “El pasado es un animal grotesco. Ideologías de la memoria urbana en el Belgrado postsocialista”, *Nodo*, Vol. 16, 2021, p. 107.

⁵⁴ Orlić, Mila, “El pasado que no pasa: Cortocircuitos en las políticas de la memoria en Croacia”, *Trabajos y Comunicaciones*, 2019, p. 3.

⁵⁵ Pavlaković, Vjeran, “Memory politics in the Former Yugoslavia”, *Rocznik Instytutu Europy Środkowo-Wschodnie*, Vol.18, 2020, p. 12.

⁵⁶ Kirn, Gal, “Transformation of memorial sites in the post-yugoslav context” en Šuber, Daniel y Karamanic, Slobodan, *Retracing Images Visual Culture after Yugoslavia*, Brill, Boston, 2012, pp. 251-281, p. 257.

⁵⁷ Pavlaković, Vjeran, “Memory politics in the Former Yugoslavia”, p. 14.

⁵⁸ Lea, David, “Holocaust as Screen Memory: The Serbian Case” en Jovanovic, Srđan y Stancetic, Veran, *History and Politics in the Balkans*, Belgrade: Center for Good Governance Studies, Belgrado, 2013, p. 64.

serbios foron os únicos sufridores do réxime fascista croata⁵⁹. Á vez, utilizan este relato para non facer declaracións dos crimes cometidos polos seus na Guerra de Iugoslavia, mesmo veremos en 2012 ao presidente Tadić nunha conmemoración ás vítimas da Segunda Guerra Mundial afirma que “Serbia está ansiosa por unirse á UE, entón, non hai espazo aquí para os que cometeron crimes contra a humanidade”⁶⁰. Implora o “never forget” á vez que oculta os crimes serbios dos anos noventa, os cales mesmo non se tratan no calendario conmemorativo serbio, que só lembra os bombardeos da OTAN ao seu territorio⁶¹.

Croacia representa o maior cambio ca herdanza da memoria da Segunda Guerra Mundial, pois minoriza o papel da *Ustaša* e reivindica as atrocidades cometidas polos partisanos unha vez rematada a guerra⁶². Un relato que, de tódolos xeitos, irá sendo maquillado trala saída do poder de Tuđman, mais a retrospección a estes anos seguirá a ser plenamente empregada polo HDZ, pois no 2 de novembro de 2011 o expartisano Boljkovac é arrestado sendo acusado do asasinato de vinte e un civís cando a guerra finalizara. Este suceso coincidiu co inicio do maior proceso por corrupción na historia recente croata que involucraba ao ex-primeiro ministro Ivo Sanader e ao ex-presidente do HDZ, empregaron a memoria para ocultar os seus escándalos⁶³.

Porén, e xa centrándonos propiamente no conflito que aquí tratamos, as guerras dos 1990 fican aínda máis instrumentalizadas e politizadas, pois tódolos países comparten unha tendencia cara a vitimización retratando tanto o estado iugoslavo como a desintegración do mesmo de xeito que aparezan como a etnia máis afectada⁶⁴. Claro que, nesta interpretación dos sucesos tráxicos dos anos noventa teremos unha evolución á calor

⁵⁹ Dureinovic, Jelena, “To Each Their Own: Politics of Memory, Narratives about Victims of Communism and Perspectives on Bleiburg in Contemporary Serbia”, *Croatian Political Science Review*, Vol. 55, 2017, p. 94.

⁶⁰ Lea, David, “Holocaust as Screen Memory: The Serbian Case” en Jovanovic, Srđan e Stancetic, Veran, *History and Politics in the Balkans*, Belgrade: Center for Good Governance Studies, Belgrado, 2013, p. 82.

⁶¹ Lea, David, “Holocaust as Screen Memory: The Serbian Case”, 2013, pp. 81-82.

⁶² Hoepken, Wolfgang, “War, Memory, and Education in a Fragmented Society: the Case of Yugoslavia”, *East European Politics and Societies*, Vol. 13, 1999, p. 221.

⁶³ Orlić, Mila, “El pasado que no pasa: Cortocircuitos en las políticas de la memoria en Croacia”, *Trabajos y Comunicaciones*, 2019, p. 1.

⁶⁴ Pavlaković, Vjeran, “Memory politics in the Former Yugoslavia”, *Rocznik Instytutu Europy Środkowo-Wschodnie*, Vol.18, 2020, p. 22.

dos camiños polos que transita a política nos últimos anos. Como explica Vjeran Pavlaković, existe unha tendencia cara o achegamento entre nacións, sendo que isto se mostra no caso da Operación Tormenta e a celebración do 25 aniversario no 2020 con presenza institucional croata e serbia⁶⁵. Como veremos, resultan cruciais as aspiracións de integración na UE.

No caso serbio teremos unha tendencia cara a negación de calquera implicación nestas guerras, só tratándose os bombardeos sufridos no 1999. Porén, baixo Aleksandar Vučić (primeiro ministro dende o 2014 ao 2017 e logo presidente da República ata a actualidade) xa se fala dunha implicación da armada serbia mais baixo a idea de que son vítimas das políticas de Milošević. Esta negación de crimes de guerra é algo que tamén vemos en Bosnia e Hercegovina, onde cada grupo étnico glorifica aos seus e nega os xenocidios cometidos, de xeito que resulta imposible a memorialización en territorios étnicamente disputados⁶⁶.

En Croacia tamén constrúen o seu propio relato de orgullo nacional, tralo conflito a chamada “Operación Tormenta” que baleirara aos serbios de Krajina convértese en peza clave da narrativa heroica na que chaman “Grande Guerra da Patria”⁶⁷. Será conmemorada dende o primeiro aniversario converténdose na festividade do “Día da Vitoria”. Á vez, empregarán Vukovar como símbolo vitimista da masacre perpetrada polos paramilitares serbios. Como vemos, nun mesmo espazo nacional e cronolóxico conviven a perspectiva de valorización das vítimas en Vukovar e a heroicización dos soldados en Krajina⁶⁸. En todo caso, en ambas conmemoracións represéntase a narrativa da “Guerra Patria” que segue os preceptos de creación do estado-nación baixo o interese da Igrexa Católica, os veteranos e os partidos conservadores nacionalistas⁶⁹.

⁶⁵ Pavlaković, Vjeran, “Memory politics in the Former Yugoslavia”, pp. 23-27.

⁶⁶ *Ibid*, pp. 23-24.

⁶⁷ McConnell, Taylor Andrew, *Još Hrvatska ni propala: Examining the Public Face of Memory in Croatia*, The University of Edinburgh, Edimburgo, 2020, p. 189.

⁶⁸ Pavlaković, Vjeran, “Memory politics in the Former Yugoslavia”, *Rocznik Instytutu Europy Środkowo-Wschodnie*, Vol.18, 2020, p. 25.

⁶⁹ McConnell, Taylor Andrew, *Još Hrvatska ni propala: Examining the Public Face of Memory in Croatia*, The University of Edinburgh, Edimburgo, 2020, p. 306.

Como vemos, son narrativas que se contradín e que separan ás etnias dentro do estado bosníaco mais tamén crean fricción entre o estado serbio e o croata. Un exemplo paradigmático é o da xa mencionada “Operación Tormenta”, a cal dende 2015 será conmemorada de xeito paralelo polos serbios da República Srpska e de Serbia e mailos croatas. Fronte á visión heroica que os croatas mantiñan sobre os sucesos, os serbios entendían esta operación militar como unha limpeza étnica, visión diametralmente contraria e que producía unha idea da etnia allea como perpetradora onde non cabía empatía algunha⁷⁰. Pasiñamente veremos esforzos do goberno croata en recoñecer ás vítimas serbias, até que, e como adiantabamos, no 2020 finalmente se rachou cos rituais políticos de antagonismo e se acabou conmemorando ás vítimas de ámbolos dous grupos.

Dentro desta mudanza na memorialización estatal do conflito diversos autores destacan a influencia da UE, pois non debemos esquecer que Croacia entrou a formar parte da mesma en 2013. Tamara Trošt e David Lea afirman que aínda que a UE non requira directamente unha política particular de memoria, a admisión supón a expectación de que definan e establezan leis de acordo coas normas de lembranza comunitarias⁷¹. Isto significa que, de Serbia procurares a entrada na UE, precisaríase de adoptar resolucións no seu parlamento que reflexen os preceptos establecidos por Europa en torno a Srebrenica⁷². Do mesmo xeito, Croacia debe establecer en Jasenovac unha memoria en concomitancia ca UE, non só deben condenar o comunismo senón tamén o fascismo da Ustaša⁷³. En isto consiste o revisionismo da UE, na equiparación baixo o termo de “totalitarismo” a comunistas e fascistas, e isto será o que veremos estendido na paisaxe memorística institucional do contexto post-yugoslavo. Estase a seguir a estela da declaración en 2009 do “Día conmemorativo de todos os crimes totalitarios” no 23 de Agosto⁷⁴.

⁷⁰ Pavlaković, Vjeran, “Memory politics in the Former Yugoslavia”, *Rocznik Instytutu Europy Środkowo-Wschodnie*, Vol.18, 2020, pp. 26-27.

⁷¹ Trošt, Tamara e David Lea, “Renationalizing Memory in the Post-Yugoslav Region”, *Journal of Genocide Research*, Vol. 24, 2021, p. 238.

⁷² Trošt, Tamara e David Lea, “Renationalizing Memory in the Post-Yugoslav Region”, *Journal of Genocide Research*, p. 238.

⁷³ Radonic, Ljiljana, *Standards of evasion Croatia and the "Europeanization of memory"*. Eurozine, Sarajevo, 2012 <<https://www.eurozine.com/standards-of-evasion/>>, [consulta 18 de abril de 2025].

⁷⁴ Kirn, Gal, “Transformation of memorial sites in the post-yugoslav context” en Šuber, Daniel y Karamanic, Slobodan, *Retracing Images Visual Culture after Yugoslavia*, Brill, Boston, 2012, pp. 251-281, p. 253.

Xa para o caso esloveno, así como no de Montenegro, non hai tal mudanza na memorialización do conflito. Eslovenia semella ser un exemplo de transición democrática e reconciliación no seno do propio país, partisanos e fascistas parece que foron especialmente pacifistas así como a tolerancia ao carón dunha economía puxante aparenta ser a nota discordante destes Balcáns occidentais. No entanto, Gal Kirn afonda máis e afirma que o que parecía un discurso de pacificación e de reconciliación nacional, en realidade, comezou unha guerra mnemotécnica que recentemente acabou por rehabilitar o fascismo e que participou da nacionalización e etnicización da sociedade⁷⁵.

Unha vez tratado o eido conmemorativo propiamente, cabe pararse a estudar como estes estados empregan a educación e os medios de comunicación para establecer os relatos que máis lles interesan. No eido educativo, debemos comezar co caso paradigmático de Bosnia e Hercegovina, pois a separación étnica reflexarase no emprego de libros de texto: os bosnio-musulmáns empregarán libros feitos en Sarajevo, os bosnio-croatas os escritos en Zagreb e os serbo-bosnios os que se publiquen en Belgrado⁷⁶. Cunha redacción que destaca as brutalidades máis viscerais dos contrarios, nárrese unha historia pola cal o agresor e o perpetrador é o da etnia contraria á vez que se mostra aos membros da súa como pobres vítimas que non cometeron crime algún⁷⁷. Do mesmo xeito, e debido a que a lei obriga a educar ás minorías na súa lingua cando sexan o 10% do concello, veremos colexios que se converten en “dúas escolas baixo o mesmo teito” onde se segrega, dificultando entón os esforzos de integración⁷⁸.

No referido a Croacia, apunta Ljiljana Radonic unha dificultade enorme para adaptarse á UE neste eido, pois aínda proliferan libros de texto de índole nacionalista que ocultan o pasado colaborativo do réxime da NDH co nazismo e fascismo⁷⁹. Martín Alonso Zarza tamén fala dunha educación completamente instrumentalizada dentro dos países da

⁷⁵ Kirn, Gal, “‘The primitive accumulation of capital and memory’: Mnemonic wars as national reconciliation discourse in (post-)Yugoslavia”, *Memory Studies*, Vol. 15, 2022, p. 1478.

⁷⁶ Pickering, Paula May, *Peacebuilding in the balkans: the view from the ground floor*. Cornell University Press, Nueva York, 2007, p. 38.

⁷⁷ Pickering, Paula May, *Peacebuilding in the balkans: the view from the ground floor*, p.39.

⁷⁸ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 347.

⁷⁹ Radonic, Ljiljana, *Standards of evasion Croatia and the "Europeanization of memory"*. Eurozine, Sarajevo, 2012 <<https://www.eurozine.com/standards-of-evasion/>>, [consulta 18 de abril de 2025].

zona ex-iugoslava, onde os mitos sobre a Segunda Guerra Mundial seguen presentes en moitos casos⁸⁰. Isto tamén afecta a Serbia, cuns libros de texto que tenden a recoller a visión de Milošević cargada de compoñente nacionalista⁸¹.

Falando xa dos medios de comunicación, estes fican completamente instrumentalizados polos partidos nacionalistas de cada etnia. Sexa en internet, en libros, xornais ou revistas, existe un relato de tipo nacionalista que enfatiza as características pexorativas do contrario⁸². A televisión será a que máis mude, trala Segunda Guerra Mundial xa se convertera nun medio de masas onde o espectro político e o económico tiñan cabida, mais logo, nas diversas transicións veremos nela un gran cambio⁸³. No eido audiovisual, unha representación clara da visión vitimista de Serbia constitúeo o filme *A Verdade* (2005), de tipo documental e que presenta aos serbios como os que máis sufriron⁸⁴. Este emprego dos medios de comunicación de xeito instrumental vese moi claro no exemplo bosníaco, pois aquí a maior parte deles son públicos e están instrumentalizados polos partidos nacionalistas en aras de gañar apoio social e perpetuarse no poder⁸⁵. Vemos entón neste espazo como se mestura a defensa dos actores que constrúen os seus “paraestados” no caso dos croatas e dos serbios, mentres que os musulmáns ven con escepticismo a vontade dos actores transnacionais de establecer un estado multiétnico en Bosnia e Hercegovina⁸⁶.

Finalmente o eido museístico tamén pode ser tratado como un espazo influenciábel dende o goberno, pois estes poden tender a agochar certas partes da historia. O proxecto iugoslavo é lembrado no Museo de Iugoslavia de Belgrado baixo o precepto de educar e

⁸⁰ Alonso Zarza, Martín, “La construcción social del resentimiento. De los Balcanes a los Alpes”, *Conciencia social*, 2000, pp. 48-69.

⁸¹ Hoepken, Wolfgang, “War, Memory, and Education in a Fragmented Society: the Case of Yugoslavia”, *East European Politics and Societies*, Vol. 13, 1999, pp. 218-221.

⁸² MacDonald, David Bruce, *Balkan Holocausts? Serbian and Croatian victim centred propaganda and the war in Yugoslavia*, Manchester University Press, Manchester, 2002, p. 125.

⁸³ Peruško, Zrinjka e Čuvalo, Antonija, “La Transición en la televisión de Croacia” en Manuel Palacio, *Las imágenes del cambio medios audiovisuales en las transiciones a la democracia*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2013, pp 209-211.

⁸⁴ Ruiz Jimenez, José Ángel, “Las sombras de la barbarie. Confrontación de memoria colectiva en los países ex yugoslavos”, *Balkania*, 2012, p. 134.

⁸⁵ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 349.

⁸⁶ Pickering, Paula May, *Peacebuilding in the balkans: the view from the ground floor*. Cornell University Press, Nueva York, 2007, p. 43.

de eliminar resquizes de odio en Serbia, mais esquécese de tratar a guerra⁸⁷. Porén, en Bosnia-Hercegovina teremos un trato ben diferente da memoria nun museo, o homólogo no país veciño tan só trata o conflito, e, cando ten que falar do estado, Iugoslavia é vista como un proxecto artificial⁸⁸.

Podemos concluír, entón, que existe unha instrumentalización da memoria dende os diferentes estados que herdán o pasado iugoslavo. Mais tamén, e como xa anticipamos, cabe a posibilidade de estableceres un relato conxunto, unha memoria compartida transnacional, ou, cando menos, un achegamento á mesma. De seguido veremos as posibilidades de que exista tal esforzo reconciliador.

3.2 A parcialidade da memoria occidental en entredito: a suposta “histeria antiserbia”

Antes de dispoñerse a establecer a hipótese da capacidade de fixar un relato compartido no espazo occidental dos Balcáns, cabe completar a imaxe que existe dos diferentes actores estatais dende fóra deste espazo. Así como semella imposible entender o desenvolvemento da guerra sen estudar as implicacións internacionais, un traballo sobre a memoria non se pode esquecer da visión exterior. Brevemente trataremos esta baixo a premisa de estudar o seu grado de parcialidade ante as reclamas serbias de carencia da mesma.

Se estudamos como a guerra era tratada polos medios de comunicación internacionais atopamos un certo lavado de cara do réxime croata, pois, como afirma Francisco Veiga, Croacia presentouse á opinión pública mundial como un réxime intachable, obviándose as intencións expansionistas de Tuđman e a desconfianza deste na democracia⁸⁹. Porén, a esta suposta construción de relato non lle abonda ca beatificación dos croatas, tamén se trata de empregar recursos como a comparación do dirixente serbio con Adolf Hitler ou

⁸⁷ Burón Díaz, Manuel, “Yugoslavia, un “no-lugar” en un museo. Memoria e historia en el Museum of Yugoslavia de Belgrado” en En Re, Matteo, Petrović Kovačević, Bojana y Azcona José Manuel, *Desde España y Serbia hacia Iberoamérica. El Auge de la Filología y la Historia*, Cátedra de Excelencia URJC Santander Presdeia, Madrid, 2020, pp 152-158.

⁸⁸ Burón Díaz, Manuel, “Yugoslavia, un “no-lugar” en un museo. Memoria e historia en el Museum of Yugoslavia de Belgrado”, p. 161.

⁸⁹ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, p. 426.

a dos campos de concentración destes cos dos nazis, esquecéndose que, como xa se dixo, estes por desgraza agromaron polo resto do mundo⁹⁰. Do mesmo xeito, as condenas da Unión Europea e das Nacións Unidas á masacre sucedida en Krajina, cuxa violencia pode ser comparable ao sucedido en Srebrenica, apenas atoparon eco na prensa internacional⁹¹.

Xa no caso do conflito de Kosovo, apenas se recordan os bombardeos da OTAN ou se contabilizan mortos e desprazados, á vez que se destacan as matanzas realizadas alí polos serbios, mais estas non comezarían ata que sucederan devanditos bombardeos⁹². Así mesmo, en Kosovo tamén houbo un interese concreto de portar unha imaxe de “guerra humanitaria” onde as vítimas das accións da OTAN eran tratados como “danos colaterais”⁹³. Ademais, existiu un revanchismo que non é tratado, trala guerra haberá unha limpeza étnica de serbios, xitanos, bosnio-musulmans e croatas. Deste xeito, a poboación serbia quedou relegada a guetos onde ficaban ameazados e sufrían a destrución de templos e o odio, mais isto non interesou en occidente⁹⁴. Afirmar entón José Ángel Ruiz Jiménez: “quizá por su menor número, quizá por percibirseles poco menos que como genocidas que merecían la justa ira de sus antiguas víctimas, quizá porque la prensa y los líderes occidentales habían dejado muy claro que los albaneses eran *los buenos* y los serbios *los malos* y no convenía remover y complicar ese asunto”⁹⁵.

A visión de Ruíz Jiménez sobre o relato periodístico internacional que trata a guerra pasa polo esquema arquetípico de “bos e malos”. Afirmar que, alentados por unha simpleza requirida polo público, algúns xornalistas tenden a mostrar os conflitos de forma máis doada do que en realidade son, beatificando un bando e demonizando o contrario. Reducirían o conflito a unha Croacia e Eslovenia que escapaban das garras do comunismo, os bosnio-musulmans como pobo masacrado polos sanguinarios serbios que, nun último capítulo en Kosovo, acabarían por confirmar o seu carácter violento. Ademais,

⁹⁰ Subotic, Jelena, “Political memory after state death: the abandoned Yugoslav national pavilion at Auschwitz”, *Cambridge Review of International Affairs*, Vol. 32, 2019, p. 254.

⁹¹ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, pp. 473-474.

⁹² Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, p. 583.

⁹³ Ruíz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 416.

⁹⁴ Ruíz Jiménez, José Ángel, “Las sombras de la barbarie. Confrontación de memoria colectiva en los países ex yugoslavos”, *Balkania*, 2012, p. 138.

⁹⁵ Ruíz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 308.

cabe engadirlle a isto as facilidades e axudas que Croacia deu aos periodistas estranxeiros, vendendo a súa imaxe ademais mediante a axencia de relacións públicas Ruder & Finn. Os serbios non souberon vender do mesmo xeito a súa versión, sendo que os seus campos de concentración serían coñecidos en todo o mundo (Omarska, Keraterm e Trnopolje) mais non así os bosníacos (Čelebići e Dretelj) ou croatas (Gabela, Kaonik, Dubraica, Vojno e Heliodrom)⁹⁶.

Tema aparte son os tribunais internacionais, pois o establecemento do TPIY xerou e segue a xerar polémica en Serbia en torno ao que entenden como unha “persecución”, xa que o número de serbios procesados supera con creces ao das demais etnias. A “histeria antiserbia” que condena certa parte da prensa deste país é recollida polos políticos, entenden que se recrimina unha falta de colaboración cos tribunais que na práctica se da e que ademais do número escandaloso de serbios procesados existen casos de outras etnias que son declarados inocentes sen explicación (como Ante Gotovina e Mladen Markac, responsables do baleiramento de Krajina). En relación con isto, tamén se denuncia unha falta de información na prensa internacional sobre os condenados de outras etnias en comparación cos serbios. Hai unha sensación de falta de interese do resto do mundo polos seus caídos, polas súas vítimas, acabando por sentir estes que a declaración do primeiro ministro Vojislav Koštunica que condena tódolos crimes de guerra sexan ou non contra os serbios non está sendo compensada polo resto de estados⁹⁷.

Así pois, e como vemos, se antes explicabamos os mitos e a imaxe distorsionada do espazo post-iugoslavo como un mundo violento, acabamos de constatar que no caso serbio esta idea se intensifica. Os medios de comunicación dende que comezou a guerra e ata a actualidade crearon un relato de xeito internacional polo cal o maior culpable e o agresor é o estado serbio, que non farto de teres cometido as maiores atrocidades agora semella non querer colaborar cos tribunais internacionais. Á vez, toda esta demonización e lavado de imaxe dos demais réximes está a dificultar a reconciliación, axuda a que

⁹⁶ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, pp. 413-417.

⁹⁷ Ruiz Jimenez, José Ángel, “Las sombras de la barbarie. Confrontación de memoria colectiva en los países ex yugoslavos”, *Balkania*, 2012, p. 135.

Serbia se vitimice e non tenda cara a aceptación dos seus crimes⁹⁸. O que Ruiz Jiménez denuncia é que o feito de que se critique sobremaneira os crimes serbios está a crear a reacción típica de “xa escoitei dabondo sobre Srebrenica!”, esta política está a producir en moitos casos máis resentimento que ganas de traballar en aras da reconciliación⁹⁹.

3.3 A posibilidade de que exista reconciliación étnica entre Estados cun pasado trágico

Como se explicou, unha vez as batallas terminaron nos Balcáns occidentais teremos a constatación mediante os tratados de paz de que a convivencia entre etnias non se pode reconstruír. De feito, e como afirma Francisco Veiga, todas as intervencións que dende o exterior se fixeron neste contexto consistiron na lexitimización das limpeza étnicas efectuadas en Krajina, na Federación Croata-Musulmana, na República Sprska ou en Kosovo¹⁰⁰. Ademais, se ben no resto de novos países se impón a idea de estado-nación precisamente para evitar conflitos futuros entre etnias, a inviabilidade de facer o mesmo en Bosnia e Hercegovina non supón a convivencia senón a obrigatoriedade de vivir nun mesmo espazo mais de costas uns cos outros¹⁰¹. A isto seguiríalle o esforzo de construción da paz, onde a inversión da comunidade internacional non tivo precedentes mais non sería orientada á creación dunha memoria histórica compartida que traballase nunha reconciliación futura¹⁰².

Se a esta memoria compartida xa non lle axudaban en nada os preceptos de separación étnica que se impuxeron na paz e na recuperación tras esta, as ideoloxías nacionalistas que estruturaron a narrativa histórica nos diferentes novos estados tamén farían mella na

⁹⁸ Ruíz Jiménez, José Ángel, *La condena a Ratko Mladić y la interminable pacificación de los Balcanes*. Centre Delàs de estudis per la pau, Barcelona, 2021, <<https://centredelas.org/actualitat/la-condena-a-ratko-mladic-y-la-interminable-pacificacion-de-los-balcanes/?lang=es>>, [consulta 10 de diciembre de 2024].

⁹⁹ Ruiz Jiménez, José Ángel e Esparza Calderón, Marcia “Justicia y memoria en la posguerra balcánica” en Ruiz Jiménez, José Ángel, *Balcanes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, pp. 176-177.

¹⁰⁰ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002, pp. 606-607.

¹⁰¹ Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, pp. 606-608

¹⁰² Ruiz Jimenez, José Ángel, “Las sombras de la barbarie. Confrontación de memoria colectiva en los países ex yugoslavos”, *Balkania*, 2012, p. 127.

esnaquización da lembranza común en tanto a que negan o diálogo¹⁰³. Do mesmo xeito, a forte identidade de vítima que se foi creando nos diferentes estados supuxo un enorme escollo para a reconciliación¹⁰⁴. Taylor McConnell empregará precisamente o termo de “memory abuse” para referirse a este uso da memoria por parte das institucións que está a dividir aos pobos, sería un “maltrato da memoria” que se ve cando se intercambian notas de protesta serbios e croatas ante rehabilitacións de persoeiros que nun pasado foron perpetradores de violencia contra o grupo étnico contrario¹⁰⁵.

Estamos a ver, pois, como este camiño que se ven traendo de explicar os acordos de paz e máis as diferentes memorias que se foron creando dende os gobernos, lévanos cara a cuestión da reconciliación. Para chegar a esta moito se ten tratado sobre os pasos a dar, sendo que os exemplos de establecer unha comisión da verdade como a de Sudáfrica ou as do mundo hispano-americano suxiren como primeiro paso a dar establecer un réxime de verdade unitario¹⁰⁶. Tamén manter o diálogo entre gobernos semella clave, o caso de Alemania Occidental é paradigmático en tanto que se reconcilia con Francia tras invadila tres veces en trinta anos e logo firma, xa reunificada, o “Tratado de boa veciñanza e cooperación amistosa” con Polonia¹⁰⁷.

Non abonda só con chegar á verdade e realizar unha cooperación co “outro”, precísase dunha xustiza “restaurativa” que en lugar de cargar contra os “culpables” ofrezca a posibilidade de “limpar o seu nome” e estes se poidan rehabilitar cando expresen o seu arrepentimento e perdón¹⁰⁸. A xustiza que se estableceu no espazo herdeiro de Iugoslavia

¹⁰³ Stokes, Gale, “Nationalism, Responsibility, and the People-as-One”, *Studies in East European Thought*, Vol. 46, 1994, p. 103.

¹⁰⁴ Fisher, Martina e Petrović-Ziemer, Ljubinka, *Dealing with the Past and Peacebuilding in the Western Balkans. Initiatives for peace-building and transitional justice in Bosnia-Herzegovina, Serbia and Croatia*, Belghof Report, Berlin, 2013, p. 146.

¹⁰⁵ McConnell, Taylor, “Memory abuse, violence and the dissolution of Yugoslavia: a theoretical framework for understanding memory in conflict”, *Innovation: The European Journal of Social Science Research*, Vol. 32, 2019, pp. 335-339.

¹⁰⁶ Djokic, Dejan, “Reconciliación intraétnica y homogeneización nacional en la Serbia de Milosevic y la Croacia de Tudjman” en *Balcenes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, pp. 107-108.

¹⁰⁷ Stokes, Gale, “Nationalism, Responsibility, and the People-as-One”, *Studies in East European Thought*, Vol. 46, 1994, pp. 93-96.

¹⁰⁸ Clark, Howard, “La Internacional de Resistentes a la Guerra en los conflictos balcánicos de Eslovenia, Croacia y Bosnia-Herzegovina” en *Balcenes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, pp. 226-227.

trala guerra vaise ver encarnada por un tribunal especial, o TPIY (así como o sucesor Mecanismo Residual Internacional para os Tribunais Penais). Xa se anticipou a falta de apoio ao mesmo tanto en Croacia como en Serbia, no primeiro caso veriamos unha memoria que lembra aos xulgados como heroes e no segundo senten que se está a dar un agravio comparativo entre os xuízos a unha ou outra etnia. Casos como o de Naser Oric (condenado só a dous anos de cadea polos crimes contra os serbobosnios) ou Mladen Markac e Ante Gotovina (absoltos dos seus crimes en Krajina) xeran esa sensación de inxustiza nos serbios mentres que en Sarajevo e Zagreb os reciben como heroes¹⁰⁹. Ademais, á errática implantación de xustiza dende organizacións internacionais cabe sumarlle a nula capacidade de croatas, serbios e bosníacos para establecer xustiza pola súa conta nos seus respectivos estados¹¹⁰.

O perdón, como xa se introduciu, é algo elemental para construír unhas relacións reconciliadoras entre países. Así, é preciso estudar as desculpas dadas nos últimos anos para poder comprender o estado actual de aceptación de crimes e de facilidades futuras para construír unha memoria transnacional. Débese establecer unha memoria que non sinala a colectivos étnicos concretos e á vez que non iguale o sufrimento destes grupos, para que todo iso suceda precisase de que os perpetradores acepten o que fixeron e pidan perdón. “The claim for “not Blaming collectives” and the argument that “all sides have suffered” should not be used as a way for evading responsibility for the atrocities and violence committed in the 1990s”¹¹¹.

Antes de adentrarnos nas características das mesmas, é necesario saber que non é doado que existan, ao ser un conflito tan vivo dentro da sociedade destes países pode suceder que agromen respostas violentas no propio seno dos estados que están a desculpase. Porén, e aínda que iso poida afectar para que non se dean estas desculpas, o

¹⁰⁹ Orlić, Mila, “El pasado que no pasa: Cortocircuitos en las políticas de la memoria en Croacia”, *Trabajos y Comunicaciones*, 2019, p. 8.

¹¹⁰ Ruiz Jiménez, José Ángel e Esparza Calderón, Marcia “Justicia y memoria en la posguerra balcánica” en Ruiz Jiménez, José Ángel, *Balcanes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, pp. 178-182.

¹¹¹ Fisher, Martina e Petrović-Ziemer, Ljubinka, *Dealing with the Past and Peacebuilding in the Western Balkans. Initiatives for peace-building and transitional justice in Bosnia-Herzegovina, Serbia and Croatia*, Belghof Report, Berlin, 2013, p. 148.

certo é que o interese en formar parte da UE destas nacións neonadas fai que haxa un pulo por camiñar cara o consenso histórico¹¹².

Como veremos no caso particular das desculpas da masacre de Srebrenica, a ambigüidade será o que marque a súa evolución, pois os xogos entre camiñar cara a reconciliación aplacando memorias reactivas e, á vez, procurar non desatar queixas no país propio, obrigarán a estes representantes a non ser concisos¹¹³. Boris Tadić, en 2004, sería o iniciador das políticas que tenden pontes, pois visitaría Srebrenica no décimo aniversario da matanza¹¹⁴. Temos tamén nese mesmo ano unhas declaracións do goberno da República Srpska sen precedente, trátanse dunhas desculpas internacionais por un xenocidio que neses momentos estaba a ser minusvalorado polo revisionismo serbio¹¹⁵.

Este primeiro paso, incompleto en todo caso, verase reforzado cando en 2010 o goberno europeísta serbio recoñeza finalmente as súas culpas no xenocidio e apele ao resto de estados involucrados na guerra a seguirlle a estela deste recoñecemento público en virtude da igualdade das nacionalidades e o respecto aos Dereitos Humanos e ás minorías¹¹⁶. De tódolos xeitos, Davide Denti advirte unha certa ambigüidade que non contenta nin ao parlamento serbio nin ás organizacións de vítimas¹¹⁷. Finalmente, estas desculpas veranse completadas polo seguinte presidente, Tomislav Nikolić, que, se ben aínda segue sorteando empregar o termo “xenocidio”, ten un maior valor se temos en conta o seu pasado ultranacionalista¹¹⁸.

¹¹² Denti, Davide, “Sorry for Srebrenica? Public Apologies and Genocide in the Western Balkans” en Sindbæk Andersen, Tea e Törnquist-Plewa, Barbara, *Disputed Memory Emotions and Memory Politics in Central, Eastern and South-Eastern Europe*, De Gruyter, Berlin, 2016. p. 66.

¹¹³ Denti, Davide, “Sorry for Srebrenica? Public Apologies and Genocide in the Western Balkans”, p. 88.

¹¹⁴ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 399.

¹¹⁵ Denti, Davide, “Sorry for Srebrenica? Public Apologies and Genocide in the Western Balkans” en Sindbæk Andersen, Tea e Törnquist-Plewa, Barbara, *Disputed Memory Emotions and Memory Politics in Central, Eastern and South-Eastern Europe*, De Gruyter, Berlin, 2016. p. 78.

¹¹⁶ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 400.

¹¹⁷ Denti, Davide, “Sorry for Srebrenica? Public Apologies and Genocide in the Western Balkans” en Sindbæk Andersen, Tea e Törnquist-Plewa, Barbara, *Disputed Memory Emotions and Memory Politics in Central, Eastern and South-Eastern Europe*, De Gruyter, Berlin, 2016. pp. 81-83.

¹¹⁸ Denti, Davide, “Sorry for Srebrenica? Public Apologies and Genocide in the Western Balkans”, pp. 84-87.

As desculpas do 2010 valerán de precedente para que se dese un novo círculo de perdoanzas entre Serbia e Croacia, pois o croata Josipović pedirá perdón por teren provocado as políticas nacionalistas os conflitos dos noventa e teriamos a conmemoración de Vukovar como un espazo para honrar ás vítimas serbias e croatas, involucrándose tanto el como Boris Tadić¹¹⁹. Porén, este non será o último exemplo de recoñecemento de vítimas de dúas etnias diferentes, como xa adiantabamos, teremos no 2020 un evento onde baixo a idea de conmemorar o aniversario número vinte e cinco da Operación Tormenta se muda o xeito de lembrala. Veremos mensaxes fortes de reconciliación dende o liderazgo político croata a través das figuras do primeiro ministro Andrej Plenković, o presidente Zoran Milanović e o presidente parlamentario Gordan Jandroković, mais tamén se reflexa este novo rumbo conmemorativo ca presenza dun membro do Partido Democrático Independente Serbio, que formaba parte da coalición gobernante¹²⁰.

Estas representacións simbólicas de reconciliación non quedarán aí, veremos como o Ministerio de Veteranos promete acudir ás conmemoracións de vítimas serbias ou o goberno anuncia proxectos de mellora na calidade de vida da minoría serbia en Croacia¹²¹. Do mesmo xeito, o propio arcebispo Marin Barišić fixo un chamamento aos serbios que tiveran que marchar de Croacia para que agora voltaran, algo que non é anecdótico en tanto a que a Igrexa Católica foi a que tendeu máis a ser o último baluarte do nacionalismo de Tuđman¹²².

As conclusións que se poden sacar do explicado semellan ser as da existencia dunha tendencia, un achegamento cada vez maior das diferentes institucións que anteriormente buscaban diferenciarse mediante nacionalismos. Así, fronte a unha deficiente procura da verdade teremos unhas recentes políticas compartidas centradas nas desculpas mutuas que están a contribuír no camiño cara a reconciliación. Tras esta só cabe o establecemento dunha memoria compartida que elimine o odio e o vitimismo nacionalista.

¹¹⁹ *Ibid*, pp. 83-84.

¹²⁰ Pavlaković, Vjeran, “Memory politics in the Former Yugoslavia”, *Rocznik Instytutu Europy Środkowo-Wschodnie*, Vol.18, 2020, pp. 26-27.

¹²¹ Pavlaković, Vjeran, “Memory politics in the Former Yugoslavia”, p. 27.

¹²² Orlić, Mila, “El pasado que no pasa: Cortocircuitos en las políticas de la memoria en Croacia”, *Trabajos y Comunicaciones*, 2019, p. 8.

4. A memoria social: o trauma e o ex-estado dende os lentes do individuo

Reflexado o entendemento existente dende os gobernos sobre a historia da antiga Iugoslavia e mais da guerra que lle deu fin, cabe rebaixar o nivel de estudo á masa social post-iugoslava. Trataremos aquí de reflexar diferentes accións que se levan a cabo no ámbito popular para crear memoria en torno ao trauma bélico. Tamén veremos como a sociedade enxerga o ex-estado cando estudemos a iugo-nostalxia, cuestionándonos ademais a súa influencia. Finalmente tentarase completar o estudo das posibilidades reconciliadoras aportando datos e reflexionando acerca da posibilidade da convivencia.

4.1 A memoria do trauma elaborada pola sociedade: lidiar con ela a través da expresión artística

Como se contextualizou ao comezo, os anos noventa caracterízanse na zona occidental dos Balcáns pola limpeza étnica e as masacres que aquí sucederon. Estas cruentas guerras, cun alto número de vítimas, crearon un trauma profundo ás sociedades que o herdán, sendo que o paradigma do esquecemento resulta nunha tentación en aras de escapar de tal horrible pasado. Porén, diferentes individuos e agrupacións procurarán traballar para completar a memoria que se establece dende o eido gobernamental, con diferentes obras artísticas que terán unha influencia positiva no estado da memoria post-iugoslava. Pois, e como comentaremos, a arte convértese nun medio privilexiado para facer oposición ás memorias establecidas dende o poder¹²³.

Esta resistencia a tales imposicións gobernamentais pasa primeiro pola memoria partisana, que en Croacia foi fortemente destruída trala independencia. Así, a partir dos estudos de Gal Kirn, esta destrución de monumentos sería denunciada por Lana Lovrenčić, Tihana Pupovac, Rebecca Mackay e o propio Kirn, elaborando un proxecto arquivístico que documenta as políticas agresivas de destrución ou esquecemento e que

¹²³ Demiragić, Ajila “What remains of Mostar?: Archive and Witness in Marsela Sunjić’s *Goodnight, City*” en Beronja, Vlad e Vervaeet, Stijn *Post-yugoslav contemplations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, 2021, p. 130.

sería exposto ao público na Galerija Nova de Zagreb no 2012¹²⁴. Mais en Serbia tamén se pon en valor na exhibición da *PPYUart* en 2009 no Museo de Historia Iugoslava¹²⁵.

Máis alá das políticas de memorialización, hai tamén quen se opón ao relato nacionalista na procura de xustiza e verdade, organizándose así grupos que constitúen unha contestación á memoria¹²⁶. Ese camiño será o que descorrerá o Centro de Dereito Humanitario (*Fonz za Humanitarno Pravo*), que reivindica a capacidade de reconciliación a partires da xustiza, facendo campaña contra perpetradores ou programas de protección de testemuñas¹²⁷. Serán iniciativas propias unha especie de comisión da verdade (o RECOM), a publicación de datos acerca de mortos e desaparecidos (como no *Libro da memoria de Kosovo*) ou a demostración visual da implicación serbia na matanza de Srebrenica (co *Vídeo dos Escorpións*)¹²⁸. En Serbia, as Mulleres de Negro opóñense ao réxime de Milošević pedindo que se lembre ás vítimas musulmás de Srebrenica¹²⁹. Tamén vemos oposición en Bosnia e Hercegovina, fixada na construción de grupos que esixen o recoñecemento dos campos de concentración e tortura onde se viron sometidos musulmáns na República Srpska (Omarska, Trnopolje ou Keraterm)¹³⁰.

Mais alá desta actuación de grupos na esfera política, existe oposición ao paradigma nacionalista dende a arte. Quizais o eido literario é o máis claro, pois afirma Antje Postema que os medios que se empregan nos textos literarios ademais de narrativos son

¹²⁴ Kirn, Gal, “Transformation of memorial sites in the post-yugoslav context” en Šuber, Daniel y Karamanic, Slobodan, *Retracing Images Visual Culture after Yugoslavia*, Brill, Boston, 2012; Potkonjak, Sanja e Pletenac, Tomislav, “The Art and Craft Memory: Re-Memorialization Practices in Post-Socialist Croatia” en Beronja, Vlad e Vervae, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, p. 71.

¹²⁵ Dedić, Nikola, “Yugoslavia in Post-Yugoslav Artistic Practices: Or, Art as ... remembrance” en Beronja, Vlad e Vervae, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, p. 176.

¹²⁶ McConnell, Taylor, “Memory abuse, violence and the dissolution of Yugoslavia: a theoretical framework for understanding memory in conflict”, *Innovation: The European Journal of Social Science Research*, Vol. 32, 2019, pp. 55-56.

¹²⁷ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 373-375.

¹²⁸ Ruiz Jiménez, José Ángel e Esparza Calderón, Marcia “Justicia y memoria en la posguerra balcánica” en Ruiz Jiménez, José Ángel, *Balcanes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010, p. 170.

¹²⁹ Kurze, Arnaud, “Youth, Performance Activism and the Politics of Memory”, *International Journal of Transitional Justice*, Vol. 10, 2016, p. 458.

¹³⁰ Mazzucchelli, Francesco, “Semiotiche dei confini e narrative spaziali della memoria in Bosnia Erzegovina: monumenti, musei, città”, *Storicamente*, Vol. 13, 2017, pp. 26-27.

memorísticos, as representacións do pasado que estes fan poden ser incorporadas dalgún xeito á memoria colectiva¹³¹. *Sarajevo for Beginners*, de Ozren Kebo, sería un exemplo de prosa onde o autor actúa como cronista que pretende representar as atrocidades da guerra en Bosnia procurando que non sexan esquecidas, crea memoria e á vez reflexiona sobre a utilidade da mesma¹³². Tamén é esa a idea de Svetlana Broz, que procura que non se esqueza a convivencia e axuda mutua que existiu na guerra, combatendo a memoria nacional que pretende inculcar a imposibilidade de convivencia ante uns supostos odios étnicos¹³³. Entón, a literatura é importante no estudo da memoria en tanto que os autores se constitúen como altofalantes da realidade traumática do país, mais tamén serve para ir máis aló dunha explicación do conflito de tipo nacional¹³⁴.

Davor Beganović establece dous xéneros diferenciados da literatura que ten tratado a guerra en Iugoslavia, afirmando que hai unha que trata as consecuencias da mesma e outra que se centra no militar que sofre experiencias traumáticas¹³⁵. Mais alá desa xeralización, teremos obras que tratan a realidade dos desprazados e o seu trauma en torno á incapacidade de clarificar a súa identidade¹³⁶. Do mesmo xeito, hai tamén quen procura comparar as memorias destas guerras co Holocausto, para outorgarlle o recoñecemento que merece o trauma balcánico¹³⁷. Ademais, nos últimos anos estaríase a abrir camiño o formato do cómic como outro xeito de facer memoria do trauma¹³⁸.

¹³¹ Postema, Antje, ““Read and Remember”: Ozren Kebo’s *Sarajevo for Beginners*” en Beronja, Vlad e Vervae, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, pp. 27-28.

¹³² Postema, Antje, ““Read and Remember”: Ozren Kebo’s *Sarajevo for Beginners*”, pp. 27-42.

¹³³ Broz, Svetlana, *Buena gente en tiempos del mal*, Kailas no Ficción, Madrid, 2006.

¹³⁴ Roán, Miguel, “La memoria transicional: Literatura y autobiografía bosnia traducida al español”, *Revista de Historia Actual*, Vol. 8, 2023, pp. 74-82.

¹³⁵ Beganović, Davor, “Traumatic Experiences War Literature in Bosnia and Herzegovina Since the 1990s” en Gorup, Radmila, *After Yugoslavia: The Cultural Spaces of a Vanished Land*, Stanford University Press, Stanford, 2013, p. 227.

¹³⁶ Biti, Vladimir, “Remembering Nowhere: The Homeland-on-the-Move in the Exile Writing of Saša Stanišić and Ismet Prcić” en Beronja, Vlad e Vervae, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, pp. 62-63.

¹³⁷ Vervae, Stijn, “Intersecting Memories in Post-Yugoslav Fiction: The Yugoslav Wars of the 1990s through the Lens of the Holocaust” en Beronja, Vlad e Vervae, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, pp. 99-100.

¹³⁸ Beronja, Vlad, “Recollecting an Alternative Modernity: Aleksandar Zograf’s Fleo Market Archaeologies” en Beronja, Vlad e Vervae, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and*

A memoria non só fica representada no texto, tamén se pode levar á rúa. Diferentes grupos farán tarefas de concienciación neste espazo, xente moza que sinte que se lles ocultou o conflito e que en resposta organizan a modo de concienciación diferentes campañas, obradoiros, programas de intercambio ou representacións teatrais¹³⁹. Nese contexto entra o Otpor, que na noite de Fin de Ano de 1999 organizaría un concerto de Rock que remataría cun discurso de recoñecemento das vítimas de guerra¹⁴⁰. Tamén o YIHR, que traballa transnacionalmente no espazo post-iugoslavo na procura de establecer unha memoria compartida e non distinguir entre vítimas dun e doutro grupo étnico¹⁴¹. O Grupa Spomenik trata os traumas de guerra e pos-guerra mediante o debate público, procurando tamén contrarrestar as voces negacionistas do xenocidio¹⁴². Algo similar será o Cetiri lica Omarske, que mediante a exposición pública de noticias de xornal de época de guerra documenta e denuncia a falta de compromiso destes ca verdade¹⁴³.

Outro método de levar a memoria da guerra á rúa son as lecturas públicas de poesía, que son útiles en tanto que crean debate popular sobre o pasado, creando a base sobre a que se constrúe esa lembranza común. Así, fálase do pasado traumático facilitando entón que os que aínda o sofren poidan escapar del¹⁴⁴. Ademais, poder facer xustiza nestes crimes depende tamén de que o compromiso académico empregue espazos de publicidade coma este que van máis alá das institucións públicas, grupos como a Re-Asociación Mathenes, Grupo Monumento ou a iniciativa “Teño dereito a coñecer” tratarán temas tabús como o xenocidio de Srebrenica e reivindicarán os memoriais compartidos entre todos os grupos étnicos¹⁴⁵. Estes temas tamén serán tratados no teatro, como na obra

trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture, De Gruyter, Berlin, 2021, pp. 237-243.

¹³⁹ Kurze, Arnaud, “Youth, Performance Activism and the Politics of Memory”, *International Journal of Transitional Justice*, Vol. 10, 2016, pp.452-457.

¹⁴⁰ Kurze, Arnaud, “Youth, Performance Activism and the Politics of Memory”, p. 457.

¹⁴¹ *Ibid*, 462-467.

¹⁴² Dedić, Nikola, “Yugoslavia in Post-Yugoslav Artistic Practices: Or, Art as ... remembrance” en Beronja, Vlad e Vervaet, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, p. 177.

¹⁴³ Dedić, Nikola, “Yugoslavia in Post-Yugoslav Artistic Practices: Or, Art as ... remembrance, p. 178.

¹⁴⁴ Arsenijević, Damir, Husanović, Jasmina e Wastell, Sari, “A Public Language of Grief: Art, Poetry, and Transitional Justice in Post-Conflict Bosnia” en Beronja, Vlad e Vervaet, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, p. 268.

¹⁴⁵ Arsenijević, Damir, Husanović, Jasmina e Wastell, Sari, “A Public Language of Grief: Art, Poetry, and Transitional Justice in Post-Conflict Bosnia”, pp. 264-273.

Cowardice, de Oliver Frlić, onde a interacción entre actores e público resulta nun exercicio de posta en común de memorias compartidas en torno ao pasado máis recente de Serbia que, á vez, destapa as mentiras do poder en torno ao conflito (visibilízase a masacre de Srebrenica cun final onde se recitan os nomes dos asasinados aló)¹⁴⁶.

Índonos cara o visual, temos creacións que procuran ter influencia no discurso de paz e pos-conflito ofrecendo exhibicións como a das *Memorias da Guerra* (presentada polo Centro de Accións non Violentas) para traballar mediante fotografías a lembranza da mesma. Esta exposición daríase en concreto en Belgrado e Sarajevo, así como alén do espazo balcánico, para 2016¹⁴⁷. Grazas ás entrevistas realizadas aos que acudiron a observar as imaxes, podemos ver como edificios en ruínas representan para estes a perda material, cultural e humana, a presenza dun serbio e un musulmán nun memorial de Srebrenica é entendido como símbolo da reconciliación e a imaxe da placa de morte dun cativo xunto cun osiño de peluxe sería o futuro que as guerras lle privaron¹⁴⁸. Dun xeito diferente criticará Sandra Vitaljić en *Terreos Infértiles* o esquecemento, unha serie fotográfica onde as imaxes que se presentan son de campos baleiros que esconden un pasado traumático que fica agochado por non teres sido aquí establecido un memorial¹⁴⁹.

Rematando xa este percorrido artístico, no eido audiovisual non podemos esquecer un cine que progresivamente se iría despegando da compoñente nacionalista para converterse en contestatario. Sería nos anos 2000, coa remuda xeracional de autores, que no cine independente se rexeiten os manidos tópicos sobre a guerra e a autovitimización étnica, mediante memorias persoais contradise a memoria oficial¹⁵⁰. En *Anatomija bola* (de Janko Baljak) trátase o trauma persoal dos traballadores da televisión nacional serbia

¹⁴⁶ Jakisa, Miranda, “The Evidence of Srebrenica: Oliver Frlić’s Theater Court in *Cowardice*” en Beronja, Vlad e Vervaet, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, pp. 89-94.

¹⁴⁷ Jeremic, Jovana e Jayasundara-Smits, Shymika, “Long after Dayton: a journey through visual representations of war and peace in Bosnia and Herzegovina”, *Southeast European and Black Sea Studies*, Vol. 22, 2022, pp. 336-338.

¹⁴⁸ Jeremic, Jovana e Jayasundara-Smits, Shymika, “Long after Dayton: a journey through visual representations of war and peace in Bosnia and Herzegovina”, pp. 339-353.

¹⁴⁹ Potkonjak, Sanja e Pletenac, Tomislav, “The Art and Craft Memory: Re-Memorialization Practices in Post-Socialist Croatia” en Beronja, Vlad e Vervaet, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, pp. 75-77.

¹⁵⁰ Borjan, Etami, “Trauma and memory in post-yugoslav cinema”, *Umjetnost riječ*, 2021, pp. 157-160.

cos bombardeos da OTAM, pero en *Srbija, godine nulte* Goran Marković representa as súas propias memorias tamén como oposición ao relato nacionalista¹⁵¹. Ademais, algúns filmes como *Tri* (de Goran Dević) mediante o tratamento de experiencias de representantes de diferentes etnias servirán como axuda nesa construción dun relato común da guerra que se desliga do nacional¹⁵².

Como se puido apreciar, a guerra e o trauma que nace dela son amplamente tratados no ámbito cultural post-iugoslavo. Logo dun repaso de diferentes eidos artísticos podemos concluír que hai unha tentativa de traballo en torno á construción dun relato compartido, de unir pontes entre as diferentes etnias e opoñerse ao nacionalismo excluínate. Do mesmo xeito, o trauma trátase para que non se esqueza, baixo o propósito de que non se agoche, procúrase que fiquen presente para que o futuro destas sociedades dalgún modo poida ser construído.

4.2 O recordo do antigo estado: oposición ao paradigma nacionalista dende a nostalxia

No referido á lembranza de Iugoslavia no seu conxunto, existe quen se desliga da memoria que o seu estado marcou como oficial e sente nostalxia por un pasado que entende que foi mellor. A desafección cunha realidade actual de promesas post-independencia incumplidas e unha situación socioeconómica depresiva alentarían a esta xente a volver a mirada cara ese pasado idílico¹⁵³. Aí nace a utopía, a memoria mesturase co presente e transporta ao futuro unha idea que, como veremos, resulta irrealizable¹⁵⁴. A este fenómeno afectaríanlle diferentes parámetros, pois tanto o xénero como a xeración, o espazo (rural ou urbano) ou as afinidades políticas fan que poida mudar o entendemento que os suxeitos teñen deste pasado¹⁵⁵.

¹⁵¹ Borjan, Etami, “Trauma and memory in post-yugoslav cinema”, pp. 162-163.

¹⁵² *Ibid*, p. 169.

¹⁵³ Velikonja, Mitja, ““Something Has Survived . . . ”: Ambivalence in the Discourse About Socialist Yugoslavia in Present-Day Slovenia” en en Gorup, Radmila, *After Yugoslavia: The Cultural Spaces of a Vanished Land*, Stanford University Press, Stanford, 2013, p. 119.

¹⁵⁴ Dedić, Nikola, “Yugoslavia in Post-Yugoslav Artistic Practices: Or, Art as ... remembrance” en Beronja, Vlad e Vervaet, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, p. 172.

¹⁵⁵ Todorova, María e Gille, Zsuzsa, *Postcommunist nostalgia*, Bergham, Nueva York, 2010, pp 7-8.

A nostalgia é algo que Mitja Velikonja define como un sentimento que pode ser ou non compartido e que contén un relato non instrumentalizado sobre un pasado romantizado en relación cun presente peor¹⁵⁶. Ademais, Svetlana Broz volve ao significado etimolóxico da palabra para diferenciar dous tipos de nostalgia, pois entende que existiría unha nostalgia “restauradora” que destaca o *nostos* e por tanto procura reconstruír historicamente ese fogar perdido, e, á vez, unha “reflexiva” que se centra na *alxia* como saudade por ese fogar e non ve tan cerca esa volta ao lugar xa inexistente¹⁵⁷.

No entanto, máis alá destas xeralidades, temos que ter en conta que a nostalgia de Iugoslavia ten as súas particularidades ao seres o propio estado un réxime especial dentro dos países europeos do socialismo real (autopercívese como unha “terceira vía” que non ficaba baixo hexemonía da URSS), mais tamén a compoñente étnica de unión dos eslavos do sur ou o seu final drástico en forma de guerra afectan a esta diferenciación respecto a outras nostalgias¹⁵⁸. Ademais, existen diferenzas rexionais dentro do propio territorio ex-iugoslavo, destaca Bosnia e Hercegovina como espazo paradigmático en tanto á especial mestizaxe étnica que aquí se da, aínda que, en xeral, en cada recuncho destes países exista nostalgia, a “pequena Iugoslavia” é paradigmática nese sentido¹⁵⁹.

Esta nostalgia preséntase de diversas formas, mais destaca particularmente a melancólica lembranza do mariscal Tito, a que Mitja Velikonja denomina “titostalgia”. Verémola representada normalmente como algo apolítico, empresas que usan a súa imaxe afirman que nada ten que ver con ideoloxías e din que se trata de puro *marketing*, se ben, e como ten afirmado Velikonja, de seres a intención simplemente presentar unha imaxe recoñecible e adorada por todos, poderían ter elixido deportistas, cantantes ou todo tipo de representantes da cultura pop¹⁶⁰. En realidade, consiste nun discurso deliberado que emprega a figura idealizada de Josip Broz, iríase creando toda unha industria da nostalgia ao seu redor que materializaría toda esta morriña que se sente polos tempos nos que el

¹⁵⁶ Velikonja, Mitja, *Titostalgia – A Study of Nostalgia for Josip Broz*, Peace Institute, Skopje, 2008, p. 27.

¹⁵⁷ Boym, Svetlana, *El futuro de la nostalgia*, Antonio Machado Libros, Madrid, 2015, p. 19.

¹⁵⁸ Volčič, Zala, “Yugo-Nostalgia: Cultural Memory and Media in the Former Yugoslavia”, *Critical Studies in Media Communication*, Vol. 24, 2007, pp. 26-27.

¹⁵⁹ Burić, Fedja, “Dwelling on the Ruins of Socialist Yugoslavia: Being a Bosnian by Remembering Tito” en Todorova, María e Gille, Zsuzsa, *Postcommunist nostalgia*, Bergham, Nueva York, 2010, p. 227.

¹⁶⁰ Velikonja, Mitja, *Titostalgia – A Study of Nostalgia for Josip Broz*, Peace Institute, Skopje, 2008, pp. 19-22.

estaba: botellas de auga, de viño, almanaques, bares, libros, reportaxes, películas, cancións, páxinas web...¹⁶¹ Porén, o seu recordo non fica só presente no ocio de masas, existen todo tipo de xuntanzas que representan a existencia dun recordo íntimo que se comparte, a divinización de Josip Broz nas conmemoracións do seu pasamento, o mantemento das súas estatuas ou a perduración da costume de xurar por Tito (*Tita mi*), reflicten a pervivencia cultural da súa imaxe¹⁶².

Esta “nostalxia vermella” tamén se mostra no recordo á JNA, teres servido no exército foi unha experiencia clave e ben recordada por moitos ex-iugoslavos, hainos que mesmo se tatúan as datas nas que formaron parte do mesmo¹⁶³. É unha nostalxia que representa a unión de etnias ao ser un momento no que todos se xuntaban nun único espazo, mais tamén é unha crítica á falta de forza militar actual ou mesmo un momento clave na construción persoal como homes¹⁶⁴. Nese sentido, poderíamos entender que existe un sesgo de xénero na iugo-nostalxia no sentido de que, tanto cando se evoca a figura de Tito así como cando é o caso da JNA, os valores varonís fican sempre presentes¹⁶⁵.

Semella que existe toda unha cultura material que simboliza o pasado, en Kosovo teremos que se representa a loita pola independencia e o recordo dese momento heroico ca presenza de simboloxía do grupo armado UÇK en tazas, bandeiras ou *merchandising* de recordos¹⁶⁶. Do mesmo xeito empregarán os nostálxicos os obxectos, si xa viamos como Tito era usado por unha gran amalgama de marcas, veremos tamén a súa figura representada en graffitis e murais, sendo común atopares o lema “Tito volve, perdoámosche todo”¹⁶⁷. A súa figura, presente nas camisolas que se aprecian polas rúas

¹⁶¹ Velikonja, Mitja, “Titostalgia. On the post-yugoslav cognitive map” en Šuber, Daniel e Karamanic, Slobodan, *Retracing Images Visual Culture after Yugoslavia*, Brill, Boston, 2012, p. 283.

¹⁶² Velikonja, Mitja, *Titostalgia – A Study of Nostalgia for Josip Broz*, Peace Institute, Skopje, 2008, pp. 65-89.

¹⁶³ Petrović, Tanja, “Nostalgia for the JNA? Remembering the Army in the Former Yugoslavia” en Todorova, María e Gille, Zsuzsa, *Postcommunist nostalgia*, Bergham, Nueva York, 2010, p. 61.

¹⁶⁴ Petrović, Tanja, “Nostalgia for the JNA? Remembering the Army in the Former Yugoslavia”, pp. 62-69.

¹⁶⁵ Burić, Fedja, “Dwelling on the Ruins of Socialist Yugoslavia: Being a Bosnian by Remembering Tito” en Todorova, María e Gille, Zsuzsa, *Postcommunist nostalgia*, Bergham, Nueva York, 2010, p. 241.

¹⁶⁶ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 309.

¹⁶⁷ Diminika, Ćosić, Back to the future with Yugo-nostalgia, Wprost, Varsovia, 2009, <<https://voxeurop.eu/en/back-to-the-future-with-yugo-nostalgia/>>, [consulta 27 de abril de 2025].

balcánicas, convértese nun icono glorificado que mesmo se podería comparar co “Che”¹⁶⁸. Tamén no cine, onde acotío se emprega a súa imaxe con sarcasmo como oposición ao nacionalismo¹⁶⁹. Outro exemplo sería o interese por recuperar os memoriais partisanos e que non fiquen descoidados ou agochados en museos¹⁷⁰.

Mais alá do material, a nostalxia preséntase mediante relatos compartidos de diferentes individuos que acaban por completar a idea morriñenta que teñen de Iugoslavia. Será algo que vexamos na web Leksikon YU Mitologije, unha creación colectiva onde humor, ironía e pensamento crítico teñen presenza cando se trata do espazo simbólico que comparten personalidades da cultura e deporte, produtos nacionais de consumo, subcultura urbana, experiencias no exército...¹⁷¹ Ademais, o estado multiétnico segue presente en tanto que aquí tamén desaparecen as distincións e membros dunha etnia falan positivamente dos da outra, todo sempre baixo a perspectiva da vida cotidiana mais coa presenza de elementos políticos que a acompañan¹⁷². Esta autoría colectiva verémola na versión en libro, que tamén consistirá nunha constelación de percepcións individuais cargadas de simboloxía¹⁷³.

Todos estes exemplos mostran unha existencia de nostalxia no territorio, mais sen un estudo cuantitativo non se pode chegar a conclusións en torno á súa representatividade. Aporta Mitja Velikonja que en 2009 se identificaban os conceptos de “liberdade”, “benestar” e “xustiza” antes co socialismo que co capitalismo e o 27% dos estudantes eslovenos quería vivir na Iugoslavia socialista¹⁷⁴. No 2011 a axencia Ipsos realizaría unha

¹⁶⁸ Rivas Garay, Alejandro, *El Fenómeno de la “Titonostalgia”*: desde la “yugo” nostalgia a Josep Broz “Tito”, Researchgate, 2020, <https://www.researchgate.net/publication/347906987_EL_FENOMENO_DE_LA_TITOSTALGIA_DE_SDE_LA_YUGO_NOSTALGIA_A_JOSEP_BROZ_TITO>, [consulta 8 de febreiro de 2025].

¹⁶⁹ Borjan, Etami, “Trauma and memory in post-yugoslav cinema”, *Umjetnost riječ*, 2021, p. 161.

¹⁷⁰ Kirn, Gal, “Transnationalism in Reverse: From Yugoslav to Post-Yugoslav Memorial Sites” en De Cesari, Chiara e Rigney, Ann, *Transnational memory*, De Gruyter, Berlin, 2014, p. 327.

¹⁷¹ Alen Loureiro, Mariana Hebling, “Leksikon YU Mitologije: memória e nostalgia nos territórios da antiga Iugoslávia”, *Epígrafe*, Vol. 11, 2022, pp. 368-375.

¹⁷² Alen Loureiro, Mariana Hebling, “Leksikon YU Mitologije: memória e nostalgia nos territórios da antiga Iugoslávia”, pp. 376-377.

¹⁷³ Bošković, Aleksandar, “Yugonostalgia and Yugoslav Cultural Memory: Lexicon of Yu Mythology”, *Slavic Review*, Vol. 72, 2013, pp. 59-63.

¹⁷⁴ Velikonja, Mitja, ““Something Has Survived . . .”: Ambivalence in the Discourse About Socialist Yugoslavia in Present-Day Slovenia” en en Gorup, Radmila, *After Yugoslavia: The Cultural Spaces of a Vanished Land*, Stanford University Press, Stanford, 2013, p. 119.

enquisa que preguntaba se lamentaban o desmembramento de Iugoslavia, traendo uns resultados de que o 70,9% dos serbios así o facían, ao igual que un 68,2% dos habitantes de Bosnia e Hercegovina, o 63,1% dos montenegrinos, o 45,3% dos macedonios, o 18% dos croatas e un 5% en Kosovo. Sendo estes datos contrastados cos da axencia Gallup en 2016, teremos uns resultados moi similares, polo que, poderíamos concluír que existe unha diferenza xeográfica pola cal os países que peor se reconstruíron trala guerra (Bosnia e Hercegovina e Serbia) botan máis de menos a situación anterior que nos casos de Croacia ou Kosovo¹⁷⁵. Porén, máis alá de diferenzas xeográficas, se comparamos a primeira enquisa ca que realiza Gallup xa no 2017, teremos unha tendencia global cara o incremento desa insatisfacción ca situación actual así como da morriña por Iugoslavia¹⁷⁶.

Unha vez aportados datos e exemplos, cabe atender o fenómeno en tanto á súa posible influencia na realidade da rexión. Mitja Velikonja trae á palestra outra enquisa para entender a influencia da nostalxia, pois toda a importancia que lle estivemos a dar pódese ver contrarrestada por un sondeo do 2001 que pregunta aos eslovenos se queren volver ao comunismo, sendo que só un quinto dos enquisados afirmaban tal cousa¹⁷⁷. O que se extrae é que a nostalxia existe en tanto que é algo irrealizable, algo que non há voltar, bótanse de menos certas sensacións (ser un réxime máis humano, cálido, seguro ou moral), mais non significa que se queira volver a esa situación con todo o que conleva¹⁷⁸.

Poderíamos concluír entón que, os escasos resultados acadados na actualidade sobre cuestións que eran promesas da transición no espazo post-iugoslavo promoveron unha procura no pasado ante as insatisfaccións do presente. Agroma unha nostalxia que se presenta de diversas formas (alabanza á figura de Tito, morriña da JNA...) e por diversos medios (na rede, en camisetas, recordos...) mais que, en todo caso, non semella ser

¹⁷⁵ Rupnik, Jacques e Popovic, Milica “Dopo la Iugoslavia: dalla dissoluzione alla iugonostalgia e alla iugosfera”, Europa. *Un’ utopia in costruzione*, Vol. 3, 2018, p. 98.

¹⁷⁶ Alen Loureiro, Mariana Hebling, “Leksikon YU Mitologije: memória e nostalgia nos territórios da antiga Iugoslávia”, *Epígrafe*, Vol. 11, 2022, p. 369.

¹⁷⁷ Velikonja, Mitja, ““Something Has Survived . . . ”: Ambivalence in the Discourse About Socialist Yugoslavia in Present-Day Slovenia” en en Gorup, Radmila, *After Yugoslavia: The Cultural Spaces of a Vanished Land*, Stanford University Press, Stanford, 2013, p. 122.

¹⁷⁸ Boyer, Dominic, “From Algos to Autonomos: Nostalgic Eastern Europe as Postimperial Mania” en Todorova, María e Gille, Zsuzsa, *Postcommunist nostalgia*, Bergham, Nueva York, 2010, p. 18.

tampouco unha procura de retorno ao socialismo e si unha reclamación de certos aspectos que hoxe se botan en falta.

4.3 A fraternidade entre etnias: en torno aos prexuízos e a aceptación dentro das sociedades post-iugoslavas para a creación dunha lembranza colectiva

Se no eido governamental rematabamos coas posibilidades de reconciliación institucional como método de crear un relato compartido, o mesmo cabe facer ca sociedade no seu conxunto. O nacionalismo e a guerra entre etnias dinamitaron o lema titista de “fraternidade e unidade”, crearíase, entón, unha idea de imposibilidade de convivencia que ademais se representará nos tratados de paz e nas políticas gobernamentais post-independencia¹⁷⁹. No entanto, e como Svetlana Broz demostra, se baixamos ao nivel social a realidade non é homoxénea, non todos procuran o aniquilamento do contrario¹⁸⁰. Ademais, nos novos estados estas políticas nacionalistas que tratamos serán contrarrestadas por diferentes grupos, que, alén da construción de memoria, terán como prioridade a defensa das minorías étnicas¹⁸¹. Tamén, como tratamos, a nostalxia ven cargada de compoñentes étnicos na procura da antiga unión.

Parece claro que teñen que existir espazos supra-étnicos de diálogo, unha sociedade en post-conflicto debe tratar de establecer un terreo no que se traballe na construción dunha memoria común que non distinga etnicidades¹⁸². Porén, isto non debe ficar só no eido estatal, precísase de involucrar tamén o nivel social pois é esencial o ámbito persoal que se da nas comunidades locais. Claro que, isto non é algo novo, xa se ve reflexado na conferencia internacional que organiza A Sociedade Victimolóxica de Serbia en 2002 baixo o nome de “Cal é o modelo de verdade e reconciliación máis

¹⁷⁹ Pickering, Paula May, *Peacebuilding in the balkans: the view from the ground floor*, Cornell University Press, Nueva York, 2007, p. 13.

¹⁸⁰ Broz, Svetlana, *Buena gente en tiempos del mal*, Kailas no Ficción, Madrid, 2006.

¹⁸¹ McConnell, Taylor Andrew, *Još Hrvatska ni propala: Examining the Public Face of Memory in Croatia*, The University of Edimburgh, Edimburgo, 2020, p. 307.

¹⁸² Arsenijević, Damir, Husanović, Jasmina e Wastell, Sari, “A Public Language of Grief: Art, Poetry, and Transitional Justice in Post-Conflict Bosnia” en Beronja, Vlad e Vervaet, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021, p. 260.

axeitado para o espazo ex-iugoslavo?”, onde unha das conclusións é que se debe actuar a nivel gobernamental mais tamén neses eidos máis medios e baixos¹⁸³.

Establecer afirmacións xerais acerca da situación actual de odio étnico resulta cando menos difícil, mais é posible estudar como os memoriais son recibidos pola poboación. En xeral, os altercados non son a norma, mais poderíamos poñer de exemplo cando nas conmemoracións dos vinte anos da masacre de Srebrenica o primeiro ministro serbio foi atacado con pedras e botellas por unha multitude de bosnio-musulmáns¹⁸⁴. Algo similar sucedería en Kosovo, onde en 2011 un mural que representaba tanto desaparecidos de etnia albanesa como serbia amencería con pintadas que tapaban os nomes serbios¹⁸⁵.

Fronte a isto, teremos unha Macedonia especialmente pacífica e que porén contén unha sociedade que non é uniforme étnicamente. Semella a excepción, mais en realidade, e como xa vimos, existe un grupo de nostáxicos que quere que volva unha convivencia étnica perdida. Teremos por exemplo o “mito de Sarajevo”, a visión de que en tempos a convivencia alí era a norma fronte a unha cidade que dende 2005 queda mesmo con diferentes nomes (na zona serbia é Sarajevo Oriental)¹⁸⁶. Baixo o mesmo estado fica Mostar, unha cidade na que incluso cando se trata de poñerse de acordo para facer unha estatua son incapaces de realizar algo que non sexa un tributo a Bruce Lee¹⁸⁷. Hoxe todo representa unha cidade dividida en dúas, dende a xigante cruz católica do monte Hum ata a pedra que recorda “Don’t forget” na zona musulmá pasando por unha ponte que antes significaba a “fraternidade e unidade” e que logo estivo ata o 2005 desfeita pola guerra¹⁸⁸. Ademais, non só existe distanciamento senón que tamén liorta, cando os equipos representantes de cada etnia disputan encontros de fútbol acaba habendo altercados nas

¹⁸³ Nikolić-Ristanović, Vesna, “International Conference: 'Which Model of Truth and Reconciliation Is the Most Appropriate for the Former Yugoslavia?'”, *Feminist Review*, Vol. 76, 2004, pp. 123-125.

¹⁸⁴ Kennell, James, Šuligoj, Metod e Lesjak, Miha, “Dark events: commemoration and collective in the former Yugoslavia”, *Event Management*, Vol. 22, 2018, p. 953.

¹⁸⁵ Kurze, Arnaud, “Youth, Performance Activism and the Politics of Memory”, *International Journal of Transitional Justice*, Vol. 10, 2016, p. 464.

¹⁸⁶ Roán, Miguel, “La memoria transicional: Literatura y autobiografía bosnia traducida al español”, *Revista de Historia Actual*, Vol. 8, 2023, pp. 78-80.

¹⁸⁷ Kushinski, Alysse, “Non-Commemoration and the Nation The Politics of Identity, Memory and Forgetting in the Former Yugoslavia”, *University of Bucharest Review. Literary and Cultural Studies Series*, Vol. 3, 2012, pp. 69-70.

¹⁸⁸ Mazzucchelli, Francesco, “Semiotiche dei confini e narrative spaziali della memoria in Bosnia Erzegovina: monumenti, musei, città”, *Storicamente*, nº5, 2017, pp. 1-35.

rúas da cidade¹⁸⁹. Porén, e grazas ás testemuñas que nos aporta Monika Palmberger, podemos coñecer persoas que recordan con agarimo ese Móstar multiétnico e cordial¹⁹⁰.

Os exemplos anteriores poderían representar unha sociedade quebrada, onde o consenso é inalcanzable, á vez que tamén presentan outro mundo que ficaría nostálgico da multiplicidade étnica que antano albergaba. Entón, é preciso empregar datos estatísticos para entender do mellor xeito posible a situación de convivencia nos Balcáns e a viabilidade da mesma a futuro. Aínda que non se poidan entender como enteiramente fiábeis, as enquisas serven para debuxar a realidade dun contexto, sendo que, neste caso, datos sobre matrimonio inter-étnico ou resultados electorais poder ser unha fonte óptima para establecer elucubracións sobre a convivencia¹⁹¹. Porén, mais alá diso haberá quen realice traballos de recollemento de enquisas e análises que sen dúbida resultan útiles para a actividade na que aquí nos centramos.

Temos que destacar o caso paradigmático de Bosnia e Hercegovina, en tanto que exemplo de convivencia e no que aínda hoxe as tres etnias fican baixo un mesmo estado. Así, Paula May Pickering emprega unha enquisa do 1999 para estudar datos sobre a convivencia pacífica, atopando que os musulmáns son os mais tolerantes mentres que os serbios representarían a ala contraria¹⁹². Do mesmo xeito, tamén empregará a comparación temporal, pois entre o 1995 e o 2001 vemos un crecemento xeral da crenza de que a convivencia pacífica é factible manténdose, ademais, esta relación diferencial entre a percepción musulmá e serbia¹⁹³. Claro que, se engade un sondeo similar a modo de comparación, véndose que entre o 1997 e o 2001 temos decaemento de intolerantes¹⁹⁴.

Porén, a interpretación da autora pasa por que este crecemento da tolerancia non significaría unha obrigada convivencia, estase a falar do hipotético sempre nestas

¹⁸⁹ Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 353.

¹⁹⁰ Palmberger, Monika, "Nostalgia matters: nostalgia for Yugoslavia as potential vision for a better future", *Sociologija*, nº 4, 2008, pp. 360-370.

¹⁹¹ Gagnon Jr, Valère Philip, *The Myth of Ethnic War, Serbia and Croatia in the 1990s*, Cornell University Press, Nueva York, 2004, p. XX.

¹⁹² Pickering, Paula May, *Peacebuilding in the balkans: the view from the ground floor*, Cornell University Press, Nueva York, 2007, p. 45.

¹⁹³ Pickering, Paula May, *Peacebuilding in the balkans: the view from the ground floor*, p. 140.

¹⁹⁴ *Ibid*, p. 143.

enquisas, semella que se tolera a diferenza máis non se abraza o multiculturalismo¹⁹⁵. Ademais, tamén se destacan certas diferenzas xeográficas, pois neste estado os serbios son os menos tolerantes precisamente por querer a independencia moitos deles, pero máis alá de Bosnia e Hercegovina Kosovo presenta unha maior intolerancia en tanto que son etnias que nada comparten a nivel cultural¹⁹⁶.

En todo caso, poderemos establecer en xeral, e con enquisas de máis aló de Bosnia e Hercegovina, unha tendencia pola cal o achegamento político que viamos unha vez se atravesaba a década dos 2000 e se procuraba a entrada en institucións transnacionais, viría acompañado dun número menor de estereotipos negativos que se lle outorgan á outra etnia e mesmo a aparición de estereotipos positivos¹⁹⁷. A partir da análise dunha mostra de sesenta e seis serbios nados entre 1991 e 1995, Tijana Karic, Mihic Vladimir e José Ángel Ruiz Jiménez chegan á conclusión de que a distancia étnica depende da persoa e non da etnia, sendo que ademais os que máis identidade étnica presentan máis propensos son a rexeitar amizade ou casamento con alguén doutra etnia¹⁹⁸.

A relación étnica sería estudada con anterioridade, pois temos xa unha enquisa a serbios realizada no ano 2000, cando apenas percorrera un ano dende os bombardeos sufridos no país, sendo que a distancia étnica que se recolle será a maior da historia, porén, xa no 2001 cando teña saído do poder Milošević, veremos uns resultados que tenden cara un menor alonxamento nas relacións entre etnias¹⁹⁹. No entanto, outra enquisa realizada en febreiro de 2002 truncaría tal visión no sentido de que os xulgados como criminais de guerra son vistos como heroes, algo que, como xa temos tratado, resulta nun dos maiores escollos para a reconciliación e a relación pacífica entre etnias²⁰⁰. Xa para o caso croata, e nunhas datas similares, teremos o traballo de Dinka Čorkalo e Željka Kamenov, onde

¹⁹⁵ *Ibid*, p. 144.

¹⁹⁶ *Ibid*, pp. 140-173.

¹⁹⁷ Karic, Tijana, Mihic, Vladimir e Ruiz Jimenez, José Ángel, "Stereotypes in young serbs about croats and bosniaks provoked by collective memory stimuli", *Primenjena Psihologija*, Vol. 10, 2017, pp. 439-440.

¹⁹⁸ Karic, Tijana, Mihic, Vladimir e Ruiz Jimenez, José Ángel, "Stereotypes in young serbs about croats and bosniaks provoked by collective memory stimuli", pp. 437-452.

¹⁹⁹ Biro, Miklos, Mihic, Valdimir, Milin, Petar e Logar, Svetlana, "Did socio-political changes in Serbia changed the level of authoritarianism and ethnocentrism of citizens?", *Psihologija*, Vol. 35, 2002, pp. 37-43.

²⁰⁰ Biro, Miklos, Mihic, Valdimir, Milin, Petar e Logar, Svetlana, "Did socio-political changes in Serbia changed the level of authoritarianism and ethnocentrism of citizens?", p. 45.

se trata a importante forza da identidade étnica entre adolescentes que viviron a guerra e a propaganda cando eran cativos²⁰¹. No propiamente referido á distancia inter-étnica, o casamento ficaba reservado para os membros do seu grupo só sendo nas relacións de amizade ou veciñanza onde vexamos unha maior heteroxeneidade nas respostas, así como se destaca que os mozos eran os máis intolerantes²⁰².

Máis adiante, e estudando a tolerancia étnica entre estudantes de educación secundaria en Serbia, teremos o traballo de Maja Kandido-Jakšić en 2007²⁰³. Os datos que se extraen cando son comparados con outros de época bélica reflexan unha distancia social menor entre etnias, en relación ca estabilización que se produce nestas datas a nivel de Estado así como se restablecen as relacións entre os diferentes gobernos da zona²⁰⁴. Finalmente, o estudo que xa tratamos “Stereotypes in youg serbs about croats and bosniaks provoked by collective memory stimuli” viría a confirmar esta tendencia cara unha maior aceptación e un acurtamento da distancia étnica²⁰⁵.

Semella entón que, tras teres estudado a evolución estatística en torno á distancia social en diferentes territorios ex-iugoslavos, poderíamos concluír que existe unha tendencia cara a diminución da mesma. Tamén se podería entender que esta evolución sucedería á calor dos cambios gobernamentais, entón, e como se sinalou no inicio, nestas sociedades a relación sociedade-goberno é estreita e un achegamento duns significa a resposta nese mesmo sentido dos outros. Porén, se fica claro que os exemplos aquí dados son indiscutibles, os traballos empregables para esta análise estatística realízanse en base a mostras sesgadas e cativas, sendo que aínda que as conclusións representadas poidan ser certas tampouco se debe esquecer o sesgo presente nas estatísticas.

²⁰¹ Ćorkalo, Dinka e Kamenov, Željka, “National identity and social distance: Does ingroup loyalty lead to outgroup hostility?”, *Review of Psychology*, Vol. 10, 2003, pp. 91-92.

²⁰² Ćorkalo, Dinka e Kamenov, Željka, “National identity and social distance: Does ingroup loyalty lead to outgroup hostility?”, pp. 91-92.

²⁰³ Kandido-Jakšić, Maja, “Social distance and attitudes towards ethnically mixed marriages”, *Psihologija*, Vol. 41, 2008, pp. 149-150.

²⁰⁴ Kandido-Jakšić, Maja, “Social distance and attitudes towards ethnically mixed marriages”, pp. 158-159.

²⁰⁵ Karic, Tijana, Mihic, Vladimir e Ruiz Jimenez, José Ángel, “Stereotypes in youg serbs about croats and bosniaks provoked by collective memory stimuli”, *Primenjena Psihologija*, Vol. 10, 2017, pp. 450-452.

Conclusión

O contexto que aquí se analizou é o dunhas sociedades, e gobernos, que teñen tratado o recordo e a historia deste “cadáver iugoslavo” de xeitos ben diferentes. Despréndense varias memorias que se enfrontan, pois dende o nacemento destes estados cada goberno quixo crear unha memoria de seu que glorificara á propia etnia e maltratara a historia das outras. Do mesmo xeito, tamén se comproba que dentro dos propios estados houbo quen se opuxo a estas memorias construídas “dende arriba”, ben fora recordando o sufrimento mediante a arte ou mostrando as súas saudades polas características positivas que vían encarnadas no estado iugoslavo.

Por se non fora pouco, cabería sumar unha memoria internacional que non é parcial, demostrouse aquí como son destacados os crimes serbios fronte aos dos outros bandos como si fosen especialmente violentos. Se nun comezo falabamos da existencia dunha imaxe distorsionada sobre o conflito e en xeral sobre a zona, esta veríase acrecentada cando se trata aos serbios. O que isto creou foi un reforzamento da vitimización serbia, a cal xa viña de tempos da Segunda Guerra Mundial e agora se vería aumentada ante a aparente situación de país illado ao que maltratan e tentan presentar como único causante das guerras.

Entón, semella ser unha situación na que o diálogo resulta inviable, na que cada país se encerra sobre si mesmo e constrúe unha memoria particular na que se retrotraen a sucesos medievais para glorificar a súa historia e demonizar a dos veciños. Porén, e como se demostrou, a reconciliación chegou cando os gobernos comezaron a desculpase polos crimes sucedidos, a recordar e a establecer memoriais conxuntos. Se as comisións da verdade e os tribunais tiveron unha labor errática para este mundo, non sucedeu así cas relacións diplomáticas, nas que ante a influencia da posibilidade de ser parte de institucións supranacionais o diálogo aparece.

Como tamén se demostrou, o que os gobernos fan ten influencias a pé de rúa, grazas a algúns datos estatísticos mais tamén a diferentes exemplos de nostalxia, tivemos a ocasión de ver como a tolerancia podería verse acrecentada nos últimos anos. A forza nacionalista irá mermando e a nostalxia en ascenso, isto non significa unha vontade de

recuperar o socialismo, para moitos só significa a convivencia pacífica e a mellora dun descompensado sistema de benestar. Por iso, e en vista dos últimos traballos e ante a falta de mellores análises estatísticas, poderíamos falar dunha tendencia cara o diálogo.

Seguindo o obxectivo marcado ao comezo, realizouse aquí unha análise da memoria dende as ópticas da sociedade e mais do goberno, chegando a concluír a existencia dunha tendencia en ámbolos dous mundos cara o entendemento entre os diferentes grupos que conviven neste espazo. Isto podería ser favorable á solución da memoria compartida, de establecer un relato que esqueza as diferenzas étnicas e se centre no perdón, na construción dun futuro en convivencia. O pasado non se pode esquecer, tense que traballar en aras de establecer unha memoria onde se recoñeza o sufrimento das vítimas mais tampouco se culpe a unha etnia en concreto, iso só consegue a vitimización e a separación consecuenta. Débese seguir traballando a nivel institucional para mellorar esas relacións e traballar nos memoriais compartidos, mais tamén se debe concienciar á sociedade da viabilidade de convivir ca etnia diferente.

Puidemos demostrar aquí a falta de adecuación á realidade que teñen os mitos e estereotipos que temos en Occidente sobre estes países ex-iugoslavos. Non son xente especialmente violenta que tende á guerra porque odien á outra etnia, a guerra foi un suceso de explicacións máis complexas e polo tanto a memoria da mesma non pode ser unicamente nacional senón que se debe compartir. Para iso resultan esenciais o diálogo e a tolerancia, claves na construción dun futuro de paz e progreso na zona, algo que non se conseguiu tralas independencias mais que se pode conseguir e existe unha tendencia pola cal cabe a esperanza de velo no futuro. Todas estas memorias deben ser recordadas, pois as vítimas non poden ficar no esquecemento, mais o paradigma non debe ser o nacional ou o etnocéntrico, as vítimas non son dunha ou doutra etnia senón que son vítimas en xeral. O esquecemento non debe ser a resposta, mais tampouco a vitimización pode selo. A solución para estas terras debe ser a da lembranza común, a do diálogo e a tolerancia como pasos a seguir na construción dese futuro.

Bibliografía

Alen Loureiro, Mariana Hebling, “Leksikon YU Mitologije: memória e nostalgia nos territórios da antiga Iugoslávia”, *Epígrafe*, nº 1, 2022, pp. 364-388.

Alonso Zarza, Martín, “La construcción social del resentimiento. De los Balcanes a los Alpes”, *Con-ciencia social*, nº 4, 2000, pp. 48-69.

Baró i Queralt, Xavier, “Europa desde la frontera: el final del Socialismo en los Balcanes (1980-1990)”, *Cuadernos Europeos de Deusto*, nº 2, 2019, pp. 95-113.

Beronja, Vlad e Vervae, Stijn *Post-yugoslav contellations: archive, memory and trauma in contemporary bosnian, croatian, and serbian literature and culture*, De Gruyter, Berlin, 2021.

Beganović, Davor, “Traumatic Experiences War Literature in Bosnia and Herzegovina Since the 1990s” en Gorup, Radmila, *After Yugoslavia: The Cultural Spaces of a Vanished Land*, Stanford University Press, Stanford, 2013, pp. 219-227.

Biro, Miklos, Mihic, Valdimir, Milin, Petar e Logar, Svetlana, “Did socio-political changes in Serbia changed the level of authoritarianism and ethnocentrism of citizens?”, *Psihologija*, nº 1-2, 2002, pp. 37-47.

Borjan, Etami, “Trauma and memory in post-yugoslav cinema”, *Umjetnost riječ*, nº 3-4, 2021, pp. 153-179.

Bošković, Aleksandar, “Yugonostalgia and Yugoslav Cultural Memory: Lexicon of Yu Mythology”, *Slavic Review*, nº 1, 2013, pp. 54-78.

Boyer, Dominic, “From Algos to Autonomos: Nostalgic Eastern Europe as Postimperial Mania” en Todorova, María e Gille, Zsuzsa, *Postcommunist nostalgia*, Bergham, Nueva York, 2010, pp. 17-28.

Boym, Svetlana, *El futuro de la nostalgia*, Antonio Machado Libros, Madrid, 2015.

Broz, Svetlana, *Buena gente en tiempos del mal*, Kailas no Ficción, Madrid, 2006.

Burić, Fedja, “Dwelling on the Ruins of Socialist Yugoslavia: Being a Bosnian by Remembering Tito” en Todorova, María e Gille, Zsuzsa, *Postcommunist nostalgia*, Bergham, Nueva York, 2010, pp. 227-243.

Burón Díaz, Manuel, “Yugoslavia, un “no-lugar” en un museo. Memoria e historia en el Museum of Yugoslavia de Belgrado” en En Re, Matteo, Petrović Kovačević, Bojana y Azcona José Manuel, *Desde España y Serbia hacia Iberoamérica. El Auge de la Filología y la Historia*, Cátedra de Excelencia URJC Santander Presdeia, Madrid, 2020, pp 144-164.

Čorkalo, Dinka e Kamenov, Željka, “National identity and social distance: Does ingroup loyalty lead to outgroup hostility?”, *Review of Psychology*, nº 2, 2003, pp. 85-94.

Dureinovic, Jelena, “To Each Their Own: Politics of Memory, Narratives about Victims of Communism and Perspectives on Bleiburg in Contemporary Serbia”, *Croatian Political Science Review*, nº 2, 2017, pp. 89-110.

Denti, Davide, “Sorry for Srebrenica? Public Apologies and Genocide in the Western Balkans” en Sindbæk Andersen, Tea e Törnquist-Plewa, Barbara, *Disputed Memory Emotions and Memory Politics in Central, Eastern and South-Eastern Europe*, De Gruyer, Berlin, 2016.

Diminika, Ćosić, Back to the future with Yugo-nostalgia, Wprost, Varsovia, 2009, <<https://voxeurop.eu/en/back-to-the-future-with-yugo-nostalgia/>>, [consulta 27 de abril de 2025]

Espinosa, Horacio, “El pasado es un animal grotesco. Ideologías de la memoria urbana en el Belgrado postsocialista”, *Nodo*, nº 32, 2021, pp. 98-111.

Fisher, Martina e Petrović-Ziemer, Ljubinka, *Dealing with the Past and Peacebuilding in the Western Balkans. Initiatives for peace-building and transitional justice in Bosnia-Herzegovina, Serbia and Croatia*, Belghof Report, Berlin, 2013.

Gagnon Jr, Valère Philip, *The Myth of Ethnic War, Serbia and Croatia in the 1990s*, Cornell University Press, Nueva York, 2004.

Gilbert, Andrew, "The past in parenthesis. (Non) Post-Socialism in Post-War Bosnia-Herzegovina", *Anthropology Today*, n° 4, 2006, pp.14-18.

Hoepken, Wolfgang, "War, Memory, and Education in a Fragmented Society: the Case of Yugoslavia", *East European Politics and Societies*, n° 1, 1999, pp. 190-227.

Jeremic, Jovana e Jayasundara-Smiths, Shymika, "Long after Dayton: a journey through visual representations of war and peace in Bosnia and Herzegovina", *Southeast European and Black Sea Studies*, n° 3, 2022, pp. 335-360.

Kandido-Jakšić, Maja, "Social distance and attitudes towards ethnically mixed marriages", *Psihologija*, n° 2, 2008, pp. 149-162.

Karic, Tijana, Mihic, Vladimir e Ruiz Jimenez, José Ángel, "Stereotypes in young serbs about croats and bosniaks provoked by collective memory stimuli", *Primenjena Psihologija*, n° 4, 2017, pp. 437-462.

Kennell, James, Šuligoj, Metod e Lesjak, Miha, "Dark events: commemoration and collective in the former Yugoslavia", *Event Management*, n° 6, 2018, pp. 945-963.

Kirn, Gal, "'The primitive accumulation of capital and memory': Mnemonic wars as national reconciliation discourse in (post-)Yugoslavia", *Memory Studies*, n° 6, 2022, pp. 1470-1483.

Kirn, Gal, "Transformation of memorial sites in the post-yugoslav context" en Šuber, Daniel y Karamanic, Slobodan, *Retracing Images Visual Culture after Yugoslavia*, Brill, Boston, 2012, pp. 251-281.

Kirn, Gal, "Transnationalism in Reverse: From Yugoslav to Post-Yugoslav Memorial Sites" en De Cesari, Chiara e Rigney, Ann, *Transnational memory*, De Gruyter, Berlin, 2014, pp. 313-338.

Kushinski, Alysse, "Non-Commemoration and the Nation The Politics of Identity, Memory and Forgetting in the Former Yugoslavia", *University of Bucharest Review. Literary and Cultural Studies Series*, n°1, 2012, pp. 68-76.

Kurze, Arnaud, “Youth, Performance Activism and the Politics of Memory”, *International Journal of Transitional Justice*, n° 3, 2016, pp. 451-470.

Lea, David, “Holocaust as Screen Memory: The Serbian Case” en Jovanovic, Srđan e Stancetic, Veran, *History and Politics in the Balkans*, Belgrade: Center for Good Governance Studies, Belgrado, 2013, pp. 64-88.

MacDonald, David Bruce, *Balkan Holocausts? Serbian and Croatian victim centred propaganda and the war in Yugoslavia*, Manchester University Press, Manchester, 2002.

Majstorovic, Steven, “Ancient Hatreds or Elite Manipulation? Memory and politics in the former Yugoslavia”, *World Affairs*, s.n°, 1997, pp. 170-182.

Mazzucchelli, Francesco, “Semiotiche dei confini e narrative spaziali della memoria in Bosnia Erzegovina: monumenti, musei, città”, *Storicamente*, n°5, 2017, pp. 1-35.

McConnell, Taylor Andrew, *Još Hrvatska ni propala: Examining the Public Face of Memory in Croatia*, The University of Edimburgh, Edimburgo, 2020.

McConnell, Taylor, “Memory abuse, violence and the dissolution of Yugoslavia: a theoretical framework for understanding memory in conflict”, *Innovation: The European Journal of Social Science Research*, n° 3, 2019, pp. 331-343.

Nikolić-Ristanović, Vesna, “International Conference: 'Which Model of Truth and Reconciliation Is the Most Appropriate for the Former Yugoslavia?'”, *Feminist Review*, n° 76, 2004, pp. 123-126.

Orlić, Mila, “El pasado que no pasa: Cortocircuitos en las políticas de la memoria en Croacia”, *Trabajos y Comunicaciones*, n° 49, 2019, pp. 1-11.

Palmberger, Monika, “Nostalgia matters: nostalgia for Yugoslavia as potential vision for a better future”, *Sociologija*, n° 4, 2008, pp. 355-370.

Pavlaković, Vjieran, “Memory politics in the Former Yugoslavia”, *Rocznik Instytutu Europy Środkowo-Wschodnie*, n° 2, 2020, pp. 9-32.

Peruško, Zrinjka e Čuvalo, Antonija, “La Transición en la televisión de Croacia” en Manuel Palacio, *Las imágenes del cambio medios audiovisuales en las transiciones a la democracia*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2013, pp 209-228.

Petrović, Tanja, “Nostalgia for the JNA? Remembering the Army in the Former Yugoslavia” en Todorova, María e Gille, Zsuzsa, *Postcommunist nostalgia*, Bergham, Nueva York, 2010, pp. 61-81.

Pickering, Paula May, *Peacebuilding in the balkans: the view from the ground floor*. Cornell University Press, Nueva York, 2007.

Radonic, Ljiljana, *Standards of evasion Croatia and the "Europeanization of memory"*. Eurozine, Sarajevo, 2012 <<https://www.eurozine.com/standards-of-evasion/>>, [consulta 18 de abril de 2025].

Rivas Garay, Alejandro, *El Fenómeno de la “Titonostalgia”: desde la “yugo” nostalgia a Josep Broz “Tito”*, Researchgate, 2020 <https://www.researchgate.net/publication/347906987_EL_FENOMENO_DE_LA_TITONOSTALGIA_DESDE_LA_YUGO_NOSTALGIA_A_JOSEP_BROZ_TITO>, [consulta 8 de febrero de 2025].

Roán, Miguel, “La memoria transicional: Literatura y autobiografía bosnia traducida al español”, *Revista de Historia Actual*, nº 2, 2023, pp. 70-89.

Ruiz Jiménez, José Ángel, *Balcanes la herida abierta de Europa: Conflicto y reconstrucción de la convivencia*, Plaza y Valdes, Madrid, 2010.

Ruiz Jiménez, José Ángel, *La condena a Ratko Mladić y la interminable pacificación de los Balcanes*. Centre Delàs de estudis per la pau, Barcelona, 2021, <<https://centredelas.org/actualitat/la-condena-a-ratko-mladic-y-la-interminable-pacificacion-de-los-balcanes/?lang=es>>, [consulta 10 de diciembre de 2024].

Ruiz Jimenez, José Ángel, “Las sombras de la barbarie. Confrontación de memoria colectiva en los países ex yugoslavos”, *Balkania*, nº 3, 2012, pp.121-156.

- Ruiz Jiménez, José Ángel, *Y llegó la barbarie: nacionalismo y juegos de poder en la destrucción de Yugoslavia*, Ariel, Barcelona, 2016.
- Rupnik, Jacques e Popovic, Milica “Dopo la Iugoslavia: dalla dissoluzione alla iugonostalgia e alla iugosfera”, Europa. *Un’ utopia in costruzione*, s.n°, 2018, pp. 93-100.
- Sells, Michael Anthony, *The Bridge Betrayed: Religion and genocide in Bosnia*, University of California Press, Berkeley, 1996.
- Stokes, Gale, “Nationalism, Responsibility, and the People-as-One”, *Studies in East European Thought*, n° 1-2, 1994, pp. 91-103.
- Subotic, Jelena, “Political memory after state death: the abandoned Yugoslav national pavilion at Auschwitz”, *Cambridge Review of International Affairs*, n° 3, 2019, pp. 245-262.
- Taibo, Carlos, *La desintegración de Yugoslavia*, Los libros de la Catarata, Madrid, 2023.
- Trošt, Tamara e David Lea, “Renationalizing Memory in the Post-Yugoslav Region”, *Journal of Genocide Research*, n° 2, 2021, pp. 228-240.
- Veiga, Francisco, *La Trampa Balcánica*, Grijalbo, Barcelona, 2002.
- Velikonja, Mitja, ““Something Has Survived . . .”: Ambivalence in the Discourse About Socialist Yugoslavia in Present-Day Slovenia” en Gorup, Radmila, *After Yugoslavia: The Cultural Spaces of a Vanished Land*, Stanford University Press, Stanford, 2013, pp. 115-122.
- Velikonja, Mitja, *Titostalgia – A Study of Nostalgia for Josip Broz*, Peace Institute, Skopje, 2008
- Velikonja, Mitja, “Titostalgia. On the post-yugoslav cognitive map” en Šuber, Daniel e Karamanic, Slobodan, *Retracing Images Visual Culture after Yugoslavia*, Brill, Boston, 2012, pp. 283-312.
- Volčič, Zala, “Yugo-Nostalgia: Cultural Memory and Media in the Former Yugoslavia”, *Critical Studies in Media Communication*, n° 1, 2007, pp. 21-38.